

cultura

A XLVIII Semana de Cine de Lugo celebrábase entre os días 21 e 26 de setembro. **Páx. 6**

infraestruturas

Fontiñas contará cun novo parque canino nunha parcela de 3.746 metros cadrados. **Páx. 9**

sociedade

A UNED de Lugo impulsa unha nova formación en intelixencia artificial no vindeiro curso. **Páx. 12**

política

Rubén Arroxo será o candidato á Alcaldía nas eleccións municipais de maio de 2027. **Páx. 17**

rural

Tirimol e San Xoán de Pena celebran as súas festas patronais en xuño e xullo. **Páx. 18**

O Arde Lucus fai 25 anos de Historia e cultura



Colexio de Enfermería de Lugo

A presidenta mira cara ao futuro e anuncia que “queremos escribir a historia da entidade”. **Páx. 16**

Unha nova estratexia de IA na provincia

A Deputación de Lugo presenta MencIA: unha nova estratexia de intelixencia artificial propia. **Páx. 19**

Asociación As Carballeiras



Nace un novo colectivo veciñal para impulsar a zona sur de Lugo. **Páx. 13**

ALUCEM



A Asociación celebra 30 anos de traballo en favor de pacientes e familias. **Páx. 14**

Andrés Castrín



O xogador de Riotorto fai historia ao marcar o primeiro gol en Primeira. **Páx.31**

Renovacións e liña continuísta no CB Breogán

O equipo de baloncesto lucense renova a Luis Casimiro e a cinco grandes xogadores. **Páx. 29**

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Froes)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

if
figueiras
ORTODONCIA

Historia e cultura únense para conmemorar o XXV Arde Lucus



Lugo volverá viaxar no tempo do 18 ao 21 de xuño coa celebración da XXV edición do Arde Lucus, unha cita que, tras un cuarto de século de historia, continúa medrando e consolidándose como unha das festas de recreación histórica máis destacadas da Península Ibérica. Declarada Festa de Interese Turístico Internacional, a celebración transformará durante catro días o corazón da cidade nun escenario vivo que recrea a convivencia, os conflitos e as tradicións da antiga Lucus Augusti, fundada por Paulo Fabio Máximo sobre un campamento militar romano. Miles de persoas, tanto lucenses como visitantes chegados de diferentes puntos de España e do estranxeiro, vestirán de romanos e castrexos para mergullarse nunha programación que combina historia, cultura, patrimonio, deporte e participación cidadá. O Arde Lucus converte así as rúas da cidade nun auténtico museo ao aire libre onde a recreación histórica se vive en primeira persoa.

PRINCIPAIS ACTIVIDADES

Entre as novidades desta edición destaca o reforzo da programación musical. O encargado de poñer o broche final ao 25 aniversario será o multiinstrumentista e musicólogo galego Abraham Cupeiro, que ofrecerá un concerto especial o 21 de xuño ás 22:30 horas na Praza de Santa María. A súa actuación permitirá ao público descubrir sons ancestrais e instrumentos recuperados de diferentes culturas e períodos históricos. A programación musical contará tamén coa presenza de Celtica Pipes Rock!, unha formación europea coñecida por fusionar música celta, rock e metal sinfónico. O espectáculo combinará gaitas, efectos visuais e elementos pirotécnicos nunha proposta que promete converterse nun dos grandes atractivos da edición. Xunto a eles estará Grimorium, unha compañía especializada en música de inspiración medieval e fantástica

que mesturará interpretación musical en directo, recreación histórica e animación escénica.

Outra das novidades máis destacadas será a ampliación do Circo Romano, que volverá reunir milleiros de espectadores arredor das competicións e espectáculos inspirados na antiga Roma. A organización incorporará tres funcións diferenciadas: unha sesión de tarde, unha representación específica para público infantil e unha función nocturna, respondendo así á crecente demanda trasladada tanto polos asistentes como polos colectivos participantes nos últimos anos.

Detrás deste amplo programa atópase o traballo coordinado do Concello de Lugo e das 19 asociacións de recreación histórica que, durante todo o ano, preparan actividades, investigan aspectos históricos e organizan os distintos contidos que fan posible a celebración. Ara Roma, Asamblearias Lucus Augusti, Caetra Lucensium, Civitas Lucensis, Clan de Breogán, Cohors III Lucensium, Guardia Pretoriana, Kertix, Lucus Equites, Lucus Icenas Miliatore, Lugdunum, Mercenarios Galaicos, Pág Romana, Salesiani Luci Augusti, Senatus Lucus Augusti, Terra Copora, Tir En la n'Og, Trebas Galaicas e Vestales Lucus Augusti constitúen o motor asociativo dunha festa que non deixou de medrar desde a súa creación.

Co obxectivo de reforzar ese labor, o Goberno local incrementou este ano ata os 180.000 euros a partida destinada ás asociacións participantes, unha cantidade que representa o 43 % do orzamento do Arde Lucus.

CONCURSO FOTOGRÁFICO

A Asociación Caetra Lucensium convoca unha nova edición do concurso fotográfico Arde Lucus MMXXVI, que busca promover e conservar a memoria visual do evento. O certame está dirixido a persoas maiores de idade, que poderán presentar ata un máximo de cinco fotografías orixinais e inéditas relacionadas co Arde Lucus. As imaxes deberán contar cun formato comprendido entre os 25x35 e os 40x50 centímetros e entregarse tanto en papel como en soporte dixital. O prazo para a presentación dos traballos permanecerá aberto ata o 30 de setembro. As obras deberán remitirse á Librería Balmes, seguindo as condicións establecidas nas bases do concurso. A organización repartirá un total de cinco premios. O gañador ou gañadora recibirá 300 euros, mentres que o segundo premio estará dotado con 200 euros e o terceiro con 100 euros. Ademais, concederanse dous accésits de 50 euros cada un. O fallo do xurado darase a coñecer ao longo do mes de outubro e, xunto ás fotografías premiadas, unha selección das mellores imaxes presentadas integrará unha exposición que se celebrará coincidindo co aniversario da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.

MOEDA DO ARDE LUCUS

Cohors III Lucensium presentou a moeda conmemorativa creada con motivo do 25 aniversario do Arde Lucus, que este ano incorpora diferentes elementos ligados á historia e ás orixes da cidade, combinando iconografía romana e castrexa. No anverso figura unha aguia inspirada na que coroa a columna da Pra-

za de Santo Domingo, símbolo da cultura e do imperio romano. A ave aparece rodeada por un torques inspirado no Torques de Burela, exposto na sala do tesouro do Museo Provincial de Lugo, escollido como representación da cultura castrexa galaica. Na parte inferior tamén aparecen unhas lapas, símbolo do lume festivo que envolve a cidade durante a celebración.

No reverso da moeda recóllese a razón desta emisión conmemorativa. Na parte superior aparece a inscrición "ARDE LVCVS" acompañada do xabaril, emblema da asociación promotora de acuñalas. Na zona inferior inclúense as datas da celebración e, no centro, destaca a expresión "Natalis XXV", en referencia ao vixésimo quinto aniversario da festa.

Desde o ano 2010, a asociación edita a moeda oficial do Arde Lucus, reproducindo na maior parte das edicións réplicas de moedas romanas catalogadas relacionadas coa temática anual da celebración. Porén, este 2026 apostouse novamente por unha creación específica para conmemorar unha data especial: a edición número 25 do Arde Lucus.



Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

estudios
@rafer

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

AULA VIRTUAL



SSCB0109 - **Dinamización** comunitaria.



ADGD0210 - **Creación y gestión** de microempresas.



FMEC0209 - **Diseño** de tubería industrial.



ADGG0108 - **Asistencia** a la dirección.

Consulta toda la oferta formativa

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO



PROGRAMA ARDE LVCVS MMXXVI

XOVES, 18 DE XUÑO

20.30 horas. Acto de inicio coa chegada das lexións romanas ao mando do xeneral Caio Antistio "O Vello" na Ponte Romana e Paseo Fluvial do Miño.

21:00 horas. Rito á deusa Diana, por Asemblearias de Lvcvs Avgvsti, na Ponte Romana.

21:30 horas. Acendido do lume sagrado de Vesta, por Vestales de Lvcvs Avgvsti, na Praza Santa María.

23:00 horas. Espectáculos itinerantes polas rúas da cidade, por Kaltie, Tambukada.

titsch, Trip Malabar, Turdiñón, Gravity, Tambukada, Fauno e Títeres.

17.00 horas. Presentación de escultura de casco galaico e pedestal, por Trebas Galaicas, no Parque Rosalía de Castro.

17.00 horas. 'Misión: Salvar Roma' nas costas do parque Rosalía.

17.00 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza Santa María.

17.30 horas. Acendido do lume e invocación aos deuses galaicos, por Lugdunum, no Parque Rosalía de Castro.

17.30 horas. Desfile, por Tympa-



VENRES, 19 DE XUÑO

12:00 horas. Exhibición de eco-percusións na Praza Maior.

16:00 horas. Comezo de espectáculos itinerantes polas rúas da cidade con Bakan, Kaltie, Mala-

na Galaica, do Macellum á castra.

18.00 horas. Taller Infantil: elaboración de cestos de mimbre e médula, por Civitas Lvcensis, no Parque Rosalía de Castro.

18.00 horas. Teatrum: A Profetisa, de Nova Escena Teatro, na Praza Armanyá.

18.00 horas. Bautismos Celtas na Praza Maior.

19.00 horas. Anuncio da morte da vestal, por Vestales de Lvcvs Avgvsti, na Praza Maior

20.00 horas. Vixías polas rúas do centro, por Caetra Lvcensivm, de maneira itinerante.

20.00 horas. Vodas Celtas na Praza Maior.

20.00 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza Maior

20.30 horas. Asemblea Galaica: Declaración de Guerra, por Tir Na N'Og, Lvgdvnm, Mercenarios Galaicos, Član de Breogán, Terra Copora, Civitas Lvcensis, Lvcvs Icenas Miliatore, Trebas Galaicas; na Praza Santa María.

21.30 horas. Traditio Stipadvim, por Cohors III Lvcensivm, na Praza Maior.

22.00 horas. Teatrum: Sesión do Senado, por Senatvs Lvcvs Avgvsti, na Praza Maior.

22:30 horas. Grimorivm na Praza Santa María.

23:00 horas. As mulleres ilumi-

nan a noite, por Salesiani Lvcii Avgvsti, Kértix; de maneira itinerante.

23:00 horas. Troula de maneira itinerante desde a Praza Maior.

23.00 horas. Malatitsch, espectáculo con lume na Praza Anxo Fernández Gómez.

23:30 horas. Pretoriano caído, por Guardia Pretoriana, na Capela de San Roque.

00:00 horas. Wicker Man, por Mercenarios Galaicos, na Horta do Seminario.

00.00 horas. VI Mvrvs Lvcis, carreira nocturna desde a Praza Pío XII.



MATRÍCULA 2026/2027

A partir de 14 anos

92€ por curso anual

Certificación oficial de linguas

A2 - B1 - B2 - C1 - C2

Cursos de preparación para os exames CELGA e Linguaxe administrativa

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE LUGO

Ampla oferta de idiomas e actividades culturais, en Lugo e Sarria

☉ Alemán ☉ Chinés ☉ Español ☉ Francés ☉ Galego ☉ Inglés ☉ Italiano ☉ Portugués

Cursos presenciais, semipresenciais e monográficos de práctica oral

Acreditación Erasmus+ e mobilidades internacionais para alumnado

CONTACTA CONNOSCO E ÚNETE Á COMUNIDADE!



Preinscripción para novo alumnado • 15/06 - 06/07

Formalización de matrícula • 09/07 - 20/07

Prazo de vacantes • 26/07 - 18/09

+ INFO



SÁBADO, 20 DE XUÑO

11.00 horas. Espectáculos itinerantes organizados por Bakan, Kaltie, Grimorium, Malatitsch, Trip Malabar, Turdión, Vulcano, Gravity, Tympana Galaica, Tambukada, Fauno e Títeres polas rúas da cidade.

11.30 horas. Camiñando xuntos pola historia, por Terra Copora, no Parque Rosalía de Castro.

11.30 horas. Spvgnativm, por Cohors III Lvcensivm, Tir na N'og, Lvcvs Icenas Miliatore e A Castrola, na Praza Maior.

11.30 horas. Caupona, por Caetra Lvcensivm, na Praza de Ferrol.

12.00 horas. Grito de Liberdade: Arenga de Boudica, por Lvcvs Icenas Miliatore, na Praza Anxo Fernández Gómez.

12.00 horas. Presentación de reproducións de ourivería e cerámica, polo Clan de Breogán, no Parque Rosalía de Castro.

12.00 horas. Escaramuzas aos leñonarios, por Pax Romana, Lvgd-

vnm e Lvcvs Eqvites; na Avenida Rodríguez Mourelo.

12.00 horas. Xogos Píticos na Explanada do Pavillón Municipal.

12.00 horas. Teatrvm: De Nihilo Victoria, por Juan Casaveteiro, na Praza Maior.

12.30 horas. Recepción de tropas e tribos estranxeiras e nomeamento de Civitas Honoris, polas tropas e tribos estranxeiras participantes na Praza Maior.

12.30 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza de Santa María.

13.00 horas. Teatrvm: Sesión do Senado, por Senatvs Lvcvs Avgvsti, na Praza Maior.

13.30 horas. Desfile con percusión, por Lvcvs Eqvites, de maneira itinerante.

17.00 horas. O trampeiro, por Terra Copora, no Parque Rosalía de Castro.

17.00 horas. Desfile polas rúas de Lvcvs Avgvsti, por Salesiani Lvcí Avgvsti, de maneira itinerante.

17.00 horas. Teatrvm: De Nihilo

Victoria, por Juan Casaveteiro, na Praza Maior.

17.00 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza de Santa María.

17.30 horas. Crea o teu mosaico, por Lvcvs Eqvites, na rúa Anxo López Pérez (edificio administrativo do Concello).

17.30 horas. Teatrvm: Ad Vini Vocem, por Achádego Teatro, de maneira itinerante polas rúas do centro.

17.30 horas. Bautismos Celtas na Praza Maior.

18.00 horas. Circvs Maximvs na Explanada do Pavillón Municipal.

18.30 horas. Asalto ao monte Medvlio, por Guardia Pretoriana, Trebas Galaicas e Mercenarios Galaicos; no Cantiño Nemesio Cobreros.

18.30 horas. Silva Tenebrarum: "Amor incantamenta et maledictiones", por Kertix, na Avenida Rodríguez Mourelo.

18.30 horas. Traballo metalúrxico nos poboados galaicos, por Tir Na



N'og, no Parque Rosalía de Castro.

18.30 horas. Lendas da Muralla de Lugo na Porta de San Pedro.

19.00 horas. "Susurros del roble: el oráculo de las piedras", por Lvcvs Icenas Miliatore, na Praza Anxo Fernández Gómez.

19.00 horas. Vodas Celtas na Praza Maior.

19.30 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza Maior.

20.00 horas. Desfile de tropas romanas e tribos castrexas na Ronda da Muralla, con inicio na Porta de Santiago.

22.30 horas. Circvs Maximvs Noctvrno na Explanada do Pavillón Municipal.

22.30 horas. Vulcano, espectáculo con lume, na Praza Maior.

23.00 horas. Concerto Celtica Pipes Rock! na Praza de Santa María.




Clínica dental
Mosquera Otero



- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLoxÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA



Te damos
una razón

PARA SONREIR

Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

982.803.132

cdentallugo@gmail.com

www.mosqueraotero.es



por Civitas Lvcensis, no Parque Rosalía de Castro.

17.30 horas. Construción dunha coracle, por Tir Na N'Og, no Parque Rosalía de Castro.

18.00 horas. Lavdatio Fvnebris, por Pax Romana, na Praza da Constitución.

18.00 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza Maior.

18.30 horas. Vodas Celtas na Praza Maior.

18.30 horas. Aquilea e Amazon enfróntanse na area, por Salesiani Lvcí Avgvsti, no Parque Rosalía de Castro.

19.00 horas. Teatrvm: De Nihilo Victoria, por Juan Casaveteiro, na Praza Maior.

21.30 horas. Apagado do lume sagrado de Vesta, por Vestales de Lvcvs Avgvsti, no fondo da Praza Maior (Templo das Vestales).

22.00 horas. Malatitsch, espectáculo con lume, na Praza Anxo Fernández Gómez.

22.30 horas. Concerto de Abraham Cupeiro na Praza de Santa María.

DOMINGO, 21 DE XUÑO

11.00 horas. Espectáculos itinerantes organizados por Bakan, Kaltie, Grimorium, Malatitsch, Trip Malabar, Turdióñ, Gravity, Tympana Galaica, Tambukada, Fauno e Títeres polas rúas da cidade.

11.30 horas. Desfile dos Scholarvm, polo CEIP Paradai, CEIP As Gándaras, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CPR La Inmaculada, CEIP A Ponte, CPR A Milagrosa, CPR Divino Maestro, CEIP Salesianos, CEIP Luis Pimentel, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CPR Franciscanos, CPR María Auxiliadora, CEIP Quiroga Ballesteros, CEIP Albeiros, CEIP Casás, CPR San Xosé, CPR Cervantes, CEIP Rosalía de Castro e EEI Fingoi II; na Praza Maior e na Ronda da Muralla.

11.30 horas. Teatrvm: Venda de escravos, pola Asociación Curuxán, nas escaleiras da Praza de Abastos.

11.30 horas. Entvertvs Legalis, por Asamblearias de Lvcvs Avgvsti, nos xardíns do Museo Provincial.

12.00 horas. Remedios Naturais da

Menciñeira Galaica, por Lvgdvnvm, no Parque Rosalía de Castro.

12.00 horas. Mitos e Morais para os mortais, por Kértix, na Avenida Rodríguez Mourelo.

12.00 horas. Teatrvm: De Nihilo Victoria, por Juan Casaveteiro, na Praza Maior.

12.15 horas. Asalto ao pobo castrexo, polo Clan de Breogán, no Parque Rosalía de Castro.

12.30 horas. Loita de gladiadores, por Ars Dimicandi, na Praza Maior.

13.00 horas. Teatrvm: Pesadelo na noite, por Pinchacarreiro, na Praza Maior.

13.00 horas. Lendas da Muralla de Lugo na Porta de San Pedro.

13.30 horas. Nacemento dun pobo galaico-romano, polas Asociacións de Recreación Histórica de Lugo, na Ronda da Muralla, zona da Mosqueira.

16.00 horas. Xogos Píticos na Explanada do Pavillón Municipal.

17.00 horas. Bautismos Celtas na Praza Maior.

17.00 horas. Circvs Maximvs Infantil na Explanada do Pavillón Municipal.

17.00 horas. Taller infantil: Elaboración de pulseiras e complementos,



MIVDO ARDE

No marco do Arde Lvcvs, o Concello de Lugo pon en marcha unha programación especial para público infantil, que desenvolverá actividades durante os mesmos días que a programación xeral.

PROGRAMA DO MIVDO ARDE

Venres, 19 de xuño

- 11.30 horas. Retablo do Foro na Praza da Soidade.

- 16.00 horas. Retablo do Foro na Praza da Soidade.

- 17.00 horas. Misión: Salvar Roma nas costas do Parque Rosalía de Castro. Actividade con inscrición previa.

- 20.30 horas. Crónicas do Foro na Praza da Soidade.

Sábado, 20 de xuño

- 11.30 horas. Comedia do Laurel na Praza da Soidade.

- 13.30 horas. Voces do Mercado na Praza da Soidade.

- 16.00 horas. Praza dos Relatos na Praza da Soidade.

- 18.00 horas. Retablo do Foro na Praza da Soidade.

- 20.30 horas. Historias da Praza Antiga na Praza da Soidade.

Domingo, 21 de xuño

- 11.30 horas. Desfile dos Scholarvm organizado polos centros educativos participantes na Praza Maior e na Ronda da Muralla.

- 11.30 horas. Crónicas do Foro na Praza da Soidade.

- 16.00 horas. Comedia do Laurel na Praza da Soidade.

- 17.00 horas. Circvs Maximvs Infantil na Explanada do Pavillón Municipal.

- 18.00 horas. Voces do Mercado na Praza da Soidade.

- 20.00 horas. Praza dos Relatos na Praza da Soidade.

- 22.00 horas. Retablo do Foro na Praza da Soidade.



• ESO

• BAC

- Científico-Tecnolóxico
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Artes: Artes Plásticas, Deseño e Imaxe
- Artes Escénicas, Música e Danza

• FP

- FAMILIA DE HOSTALARÍA E TURISMO (mañanas, presencial)

- Ciclo Básico de Cociña e Restauración.
- Ciclo Medio de Cociña e Gastronomía (COGA)
- Ciclo Superior de Dirección de Cociña (DIRCO)
- Ciclo Superior de Guías, Información e Asistencia Turísticas
- Ciclo Superior de Dirección de Cociña

- FAMILIA DE INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

- Ciclo Básico en Industrias Alimentarias (adultos-tardes)
- Ciclo Medio de Panadaría, Pastelaría e Confeitaría presencial (mañanas) e a distancia-semipresencial (tardes) (modular)



• CICLOS DUAL INTENSIVA

- HOSTALARÍA E TURISMO

- Dirección de Cociña (DIRCO) (tardes)
- Cociña e Gastronomía (COGA) (tardes)
- Servizos en Restauración (SERES) (mañanas)

- IMAXE E SON (mañanas, presencial)

- Ciclo superior de Son para Audiovisuais e Espectáculos
- No curso 2026/2027 impartirase o primeiro curso deste ciclo tamén en modalidade DUAL INTENSIVA

- FORMACIÓN ACELERADA

- Ciclo Superior en Xestión de Procesos de Servizo en Restauración (de xaneiro a xuño) e Ciclo Superior en Sommelier (de setembro a decembro) (tardes)

Lugo albergará a primeira Cátedra de Xestión Cultural especializada en Patrimonio do norte



Lugo converterase nun referente da formación e da investigación en patrimonio cultural coa creación da nova Cátedra de Xestión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a primeira especializada en Patrimonio en todo o norte peninsular e a terceira en España. A través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a USC que permitirá a súa posta en marcha na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo onde xa se imparte o Grao en Xestión Cultural-, a Xunta destinará un total de 50.000 euros para seu desenvolvemento, repartidos en dúas anualidades de 25.000 euros nos exercicios de 2026 e 2027.

A nova cátedra prestará atención á xestión patrimonial mediante a investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento, promovendo tamén a divulgación e valorización dos bens culturais para favorecer a súa conservación e transmisión ás futuras xeracións. Entre os seus obxectivos figura tamén o fortalecemento do sector

cultural tanto en Lugo como no conxunto de Galicia, abordando cuestións vinculadas ás dimensións social, educativa e económica da cultura. Ademais, traballará na identificación das fortalezas e debilidades das industrias culturais galegas e impulsará estudos e análises de alcance internacional, estatal, autonómico e local. A cátedra fomentará a colaboración entre o persoal investigador da USC e especialistas de prestixio internacional dos ámbitos da educación, a investigación e a xestión cultural e patrimonial. E formulará propostas e políticas culturais adaptadas aos desafíos e necesidades da sociedade actual.

A actividade académica arrancará no curso 2026/2027 e xa conta con varias accións previstas. Entre elas, destaca a creación do I Premio de Investigación en Xestión Cultural Ana Goy Diz, unha iniciativa que renderá homenaxe á primeira cátedra de Historia da Arte do Campus de Lugo e representante en Galicia do Icomos.

A Semana de Cine de Lugo rende homenaxe a Marilyn Monroe

A XLVIII Semana de Cine de Lugo, que se celebrará entre os días 21 e 26 de setembro, presentou oficialmente o cartel, creado polo artista lucense Diego As. A obra reúne distintas imaxes de Norma Jeane Mortenson, coñecida como Marilyn Monroe, nunha composición que rende tributo a unha das personalidades máis icónicas da historia do cinema. Ademais, xa comezou o visionado das 1.461 películas que teñen solicitado ser exhibidas na XLVIII edición da Semana de Cine de Lugo.

A presentación contou coa presenza da alcaldesa de Lugo, Elena Candia, da deputada provincial Iria Castro; do director territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Manuel Antonio Fernández Piñeiro; da directora da UNED en Lugo, Ana Traseira; e da vicerreitora de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, Ana Cabana. Ademais, asistiron representantes de Fonmiñá, entre eles o seu presidente, Xulio Xiz, xunto con Manuel Curiel, Eduardo R. Ochoa, José Manuel Guisasaola e Antonio Giz, así como o propio autor do cartel.



A deputada Iria Castro agradeceu ao Grupo Fotográfico Fonmiñá "o traballo inxente que supón organizar a Semana do Cine, un traballo cultural moi importante para a cidade e para a provincia" e reafirmou o compromiso da Vicepresidencia da Deputación con este evento que programa arredor de 200 produción en distintos espazos da provincia e inclúe diferentes actos relacionados coa cultura cinematográfica.

Iria Castro valorou "a recuperación da Casa do Saber como un dos escena-

rios das proxeccións. A Semana do Cine permea a cidade con proxeccións en diferentes escenarios, e levaba uns anos faltándonos a USC a esa listaxe. Alegrámonos de que a universidade volva estar presente na Semana do Cine a través deste espazo tan simbólico".

A 48ª Semana de Cine de Lugo volverá reunir en setembro a afeccionados, profesionais e amantes da sétima arte, consolidando o seu papel como unha das citas culturais máis veteranas e recoñecidas de Galicia.

Unha exposición en Lugo une arte, matemáticas e impresión 3D

A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolle a mostra 'Patróns de Beleza. Simetría na Arte', unha proposta que une arte, as matemáticas e a creatividade STEAM —Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Artes e Matemáticas— a través de pezas elaboradas mediante impresión en 3D.

A exposición poderá visitarse ata o 30 de xuño e inclúe a posibilidade de

realizar visitas guiadas para grupos, dirixidas ao alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

Promovida por Igaciencia coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e comisariada por Inés Ben González, a mostra reúne máis de 70 obras de arte dixital con impresión en 3D, e pezas en formato 2D. O percorrido abrangue desde

exemplos da arte islámica clásica da Alhambra e mosaicos contemporáneos ata manifestacións de arte alxorítmica, L-systems e kolam.

A proposta complétase con paneis divulgativos dedicados á simetría, os poliedros, o ambo de Conway e obras que formaron parte dos Congresos Internacionais de Arte e Matemáticas Bridges.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 · 608 938 993

O ciclo Experimenta! promove tres xornadas de música e audiovisual

O ciclo Experimenta!, promovido pola Asociación Cultural Tele-Clube coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, regresará do 21 ao 23 de xullo cunha nova edición dedicada á música e ao audiovisual experimental en directo. Os concertos e propostas escénicas desenvolveranse nos xardíns do Pazo de San Marcos e na Capela de Santa María, dous espazos emblemáticos da cidade que volverán converterse en escenarios para a creación contemporánea.

A programación arrancará o martes 21 de xullo ás 20:30 horas nos xardíns do Pazo de San Marcos coa actuación de Rüdiger. O artista navarro presentará unha proposta baseada en paisaxes sonoras hipnóticas e estética lo-fi, combinando psicodelia atmosférica con texturas sintéticas de carácter vangardista.

O mércores 22 de xullo, ás 20:30



horas, a Capela de Santa María acollerá a actuación de Matsu. O músico granadino ofrecerá unha proposta de electrónica pausada e emocional que fusiona paisaxes sonoras evocadoras con ritmos de baile profundos e sutís, construíndo unha identidade sonora marcada pola calidez e a sensibilidade.

O ciclo concluirá o xoves 23 de xullo ás 20:30 horas nos xardíns do Pazo de San Marcos coa actuación de Gazela. A formación valenciana presentará unha evolución do seu estilo característico, baseado en sonoridades shoegaze e dreampop atmosférico, poñendo o broche final a esta edición do festival.

O Museo de Lugo reabre a sala capitular tras a renovación do claustro



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo continúa co proceso de renovación do claustro do Museo Provincial de Lugo coa reapertura da sala capitular, que volve estar dispoñible para o público tras os traballos de modificación e actualización do discurso expositivo desenvolvidos nas últimas semanas.

A intervención forma parte do Plan de Mellora do claustro iniciado en 2025, que xa incluíu a rehabilitación dos paramentos leste e oeste e a renovación museográfica da ala oeste. Nesta fase centráronse traballos na reparación de enlucidos e cintados, así como na renovación dos módulos de soporte das pezas, co obxectivo de mellorar a estética e a coherencia museográfica do conxunto.

Na sala capitular renovada exhibense 23 pezas, entre elas 20 epígrafes romanos, dúas estelas anepígrafas e unha basa con fragmento de fuste. As inscricións, datadas entre os séculos I e IV d. C., corresponden a 16 aras, dúas estelas funerarias e dúas placas coa inscrición fundacional da cidade de Lucus Augusti, dedicadas

a Roma e a Augusto polo senador romano Paullus Fabius Maximus, gobernador da Hispania Citerior e figura vinculada á fundación da cidade lucense e de Bracara Augusta.

A deputada provincial Iria Castro destacou que a intervención "actualiza e pon en valor as coleccións do Museo e reforza o interese do propio claustro, unha das xoias patrimoniais da cidade de Lugo", e avanzou que a renovación continuará nos próximos meses con novas actuacións noutros espazos ata completar a súa remodelación integral.

A reapertura coincide ademais co 95 aniversario da declaración do claustro do MPL como Monumento Histórico-Artístico, hoxe Ben de Interese Cultural, decretada o 3 de xuño de 1931. Con motivo desta efeméride, o Museo dedicou recentemente unhas xornadas de divulgación científica ao claustro e ás súas coleccións, e mantén aberta no espazo unha exposición temporal titulada "Patrimonio material e inmaterial do claustro do Museo Provincial de Lugo".

A Tinería acolle o Espazo Relembra dedicado á vestimenta tradicional

A contorna da Tinería conta cun novo espazo dedicado á conservación e divulgación da vestimenta tradicional galega coa apertura do Espazo Relembra, unha iniciativa impulsada polo Grupo Etnográfico Traxandaina coa colaboración do Concello de Lugo e da Xunta de Galicia.

A alcaldesa de Lugo, Elena Candia, destacou que este novo espazo "é máis que un espazo expositivo ou un proxecto cultural", xa que o de-

finiu como "o proxecto de vida de Teresa Astorgano e da súa familia arredor do estudo e conservación do traxe tradicional galego". Candia puxo en valor os anos de recompilación, investigación e traballo de Traxandaina no ámbito da vestimenta tradicional galega, sendo un referente no estudo do traxe tradicional e das particularidades de cada zona de Galicia.

O novo Espazo Relembra sitúase nun dos baixos das vivendas pro-

pietade da Xunta de Galicia na rúa do Miño, número 14. A alcaldesa subliñou ademais a coordinación entre distintos departamentos autonómicos para facer realidade esta iniciativa.

Neste sentido, explicou que o Instituto Galego da Vivenda e Solo asumiu a rehabilitación do inmovible, mentres que a Consellería de Cultura colaborou no proceso de musealización e acondicionamento do local.

FAMILIA PROFESIONAL

INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

CICLO FORMATIVO

- GRAO BÁSICO**
 - Informática de oficina
- GRAO MEDIO**
 - Sistemas microinformáticos e redes (módulos de segundo) (mañá ou tarde)
- GRAO SUPERIOR**
 - Administración de sistemas informáticos en rede (módulos de segundo) (presencial ou modular semipresencial distancia)
 - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma (módulos de primeiro) (presencial, modular semipresencial distancia ou dual intensiva presencial)
 - Desenvolvemento de aplicacións web (modular presencial)
 - Administración de sistemas informáticos en rede con oferta parcial de Administración e finanzas (Xestión PEME) e de Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma (ERP) (dual intensiva presencial)
- CURSO DE ESPECIALIZACIÓN**
 - Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual (presencial- tarde)
 - Desenvolvemento de aplicacións en linguaxe Python (modular semipresencial distancia)

FAMILIA PROFESIONAL

IMAXE PERSOAL

- GRAO BÁSICO**
 - Peiteado e estética
- GRAO MEDIO**
 - Estética e beleza
- GRAO SUPERIOR**
 - Estética integral e benestar
 - Asesoría de imaxe persoal e corporativa

FAMILIA PROFESIONAL

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

- GRAO MEDIO**
 - Xestión administrativa (presencial ou modular semipresencial distancia)
- GRAO SUPERIOR**
 - Administración e finanzas (presencial, modular semipresencial distancia ou dual intensiva presencial)
 - Asistencia á dirección (presencial, con opción a dual intensiva en segundo curso)

CICLO FORMATIVO

IES MURALLA ROMANA

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

AQUÍ HAI FUTURO

XUNTA DE GALICIA | **INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA MURALLA ROMANA** | **FONDO SOCIAL EUROPEO "Creando o teu futuro"** | **Erasmus+**

INFORMACIÓN: www.edu.xunta.gal/centros/iesmurallaromana/ • ies.muralla.romana@edu.xunta.gal ou no IES MURALLA ROMANA na Rúa Ángele Colecci s/n. 27003 Lugo - Tel.: 982 828 081

Apostan por que Lugo sexa candidata á sede da Axencia Estatal de Saúde

A candidatura de Lugo para converterse na sede da futura Axencia Estatal de Saúde Pública abriu un novo choque político entre o Grupo Municipal Socialista e o actual Goberno local, aínda que ambas partes coinciden en manter viva a aspiración da cidade para acoller o organismo estatal. O portavoz socialista no Concello, Miguel Fernández, reclamou ao Executivo municipal que “non perda a carreira” pola Axencia e complete o traballo iniciado durante o anterior mandato socialista. Fernández lembrou que a candidatura presentada desde o Pazo de Feiras permitiu a Lugo superar o primeiro gran filtro estatal e situarse entre as cidades finalistas dun proceso que cualificou de “complexo e ambicioso”.

O exalcalde advertiu de que o Ministerio esixe ampliar a documentación da candidatura con información detallada sobre acceso á vivenda, escolarización dos fillos

do persoal trasladado, oportunidades laborais para familiares, servizos de acompañamento ou a dotación de espazos e equipamentos dispoñibles para a futura sede.

Pola súa banda, a alcaldesa, Elena Candia, reafirmou a vontade do Goberno municipal de “pelexar ata o final” para conseguir que Lugo sexa a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública, malia recoñecer que os novos requisitos endurecen o proceso. Candia asegurou que o Concello traballa xa na elaboración “da mellor oferta posible” e explicou que os novos criterios supoñen reformular a proposta inicial.

A rexedora confirmou que xa se celebraron reunións técnicas e que se encargou un informe para preparar a nova documentación da candidatura. Tamén apuntou que será necesario implicar ás distintas administracións presentes no Padroado do Pazo de Feiras e Congressos.

O BNG reclama aprobar a obra da rotonda de Benigno Rivera

O BNG de Lugo reclama ao goberno local que leve á Xunta de Goberno a aprobación definitiva da contratación da obra que permitirá a renovación da rotonda de Benigno Rivera coa avenida Infanta Elena, así como dos treitos de conexión coa N-VI e a A-6, unha actuación que, segundo sinalan, xa completou todo o proceso administrativo e só está pendente da adxudicación. Rubén Arroxo destacou que nos últimos sete anos, o seu partido realizou un esforzo para manter en boas condicións as zonas industriais da cidade e cualificou esta intervención como un novo paso na mellora do polígono do Ceao.

O proxecto, impulsado desde a área de Mobilidade, prevé a renovación integral do firme, co fresado da capa actual e a instalación dunha nova mestura asfáltica en quente, ademais da aplicación dunha capa de rego de adherencia con emulsión bituminosa, o axuste dos rexistros e o repintado da sinalización horizontal,



co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e resolver os problemas de acumulación de auga na zona.

A mesa de contratación celebrouse o pasado 7 de maio e propuxo a adxudicación da obra á empresa Canarga SL por un importe de 123.450 euros. Agora, a proposta deberá ser aprobada en Xunta de Goberno para que

os traballos poidan iniciarse canto antes, coa intención de aproveitar o período de mellor climatoloxía.

A intervención, ademais “reducirá as afeccións ás persoas traballadoras da zona, xa que se establece que as obras se executen en horario nocturno, entre as 22:00 e as 06:00”.

Conclúe a rehabilitación do treito afectado da Muralla de Lugo

A Xunta de Galicia puxo en servizo o novo pavimento do adarve da Muralla de Lugo no tramo situado á altura da rúa do Moucho, unha actuación que permitirá comprobar a resistencia, eficacia e adecuación desta solución antes da súa posible implantación noutros puntos do monumento.

O delegado territorial da Xunta en

Lugo, Alfonso Villares, explicou que esta intervención supón a culminación da rehabilitación do treito da Muralla que en febreiro sufriu o derrubamento do paramento interior como consecuencia dos fortes temporais. Os traballos de reconstrución executáronse nun prazo dun mes e contaron cun investimento próximo aos 200.000 euros. Ademais, apro-

veitouse a actuación para incorporar unha medida para ampliar os ensaios de novos acabados superficiais, que xa se iniciaran no cubo XVIII.

O delegado destacou que as filtracións de humidade constitúen un dos principais problemas de conservación do monumento e lembrou que este foi un dos factores que contribuíu ao deterioro da zona afectada. Neste sentido, sinalou que todas as solucións que se están a analizar incorporan unha capa impermeable que contribuiría a reducir a entrada de auga. Porén, indicou que tamén é necesario avaliar outros aspectos, como a súa funcionalidade e adaptación ao uso diario da cidadanía.

Na actualidade están a probarse catro tipos de acabados superficiais no adarve, empregando técnicas construtivas e materiais inspirados nos utilizados na época romana. Entre eles destacan a area, a cal e diferentes fragmentos de lousa ou arxila.

A nova superficie abrangue arredor de seis metros cúbicos, cunha lonxitude superior aos 10 metros e ocupando a anchura do adarve.

Por outra banda, a Xunta ten previsto destinar un investimento de 1 millón de euros en 2026-2027 para desenvolver actuacións do Plan de Conservación e Xestión da Muralla de Lugo.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Impulsan a creación dun novo parque canino en Fontiñas

A alcaldesa de Elena Candia e a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, asinaron un protocolo de colaboración para impulsar a construción dun parque canino en Lugo, na zona de San Xillao, en Fontiñas. A Xunta de Galicia asumirá o financiamento e a execución das obras, mentres que o Concello porá os terreos a disposición e encargarse do mantemento das instalacións unha vez rematadas. O investimento previsto ascende a 140.000 euros, financiados pola Xunta de Galicia, e permitirá habilitar un parque canino nunha parcela de 3.746 metros cadrados.

Esta actuación enmárcase na iniciativa promovida polo presidente da Alfonso Rueda para crear unha rede de grandes parques caninos nas sete principais cidades galegas co obxectivo de avanzar no benestar animal e dotar ás cidades de espazos específicos para o ocio e exercicio das mascotas. O proxecto contempla a creación dun recinto con valado de seguridade, portas dobres de acceso, fontes adapta-



das para cans, papeleiras e dispensadores de bolsas hixiénicas, zonas de xogo con obstáculos e ramplas, espazos de sombra, bancos, iluminación e unha zona de lavado con baño.

UN COMPROMISO DO ANTERIOR GOBERNO LOCAL. O portavoz do Grupo Municipal Socialista no Concello de Lugo, Miguel Fernández, lembrou que esta actuación foi comprometida pola Xunta de Galicia co Concello de Lugo no marco das negociacións abertas polo an-

terior Goberno local para mellorar as dotacións e os servizos no barrio de Fontiñas. “Foi Paula Alvarellos como alcaldesa, e eu mesmo como responsable da área de Transición Ecolóxica, quen impulsamos este acordo e quen logramos que a Xunta asumise este compromiso coa cidade”, sinalou.

O portavoz municipal socialista acusou á alcaldesa de “vivir politicamente da herdanza recibida” mentres “intenta borrar deliberadamente o traballo realizado polo anterior Executivo municipal”.

O leirapárking do HULA está sendo mellorado



O Concello de Lugo iniciou os traballos de mellora do leirapárking do HULA, unha intervención inmediata destinada a reforzar a seguridade e a comodidade das persoas usuarias deste espazo de estacionamento.

A alcaldesa, Elena Candia, e o concelleiro de Mobilidade e Obras, Antonio Ameijide, destacaron que esta actuación permitirá acondicionar o terreo e mellorar as condicións de uso mentres se completa a elaboración dunha solución definitiva para o aparcadoiro.

Desde o Executivo municipal subliñan que os servizos técnicos xa están a traballar no proxecto que

permitirá resolver de forma estable os problemas que presenta este espazo, evitando así intervencións puntuais e repetidas no futuro.

“O importante non é só actuar agora, senón garantir unha solución duradeira que evite ter que volver dentro duns meses a arranxar os mesmos problemas”, sinalan desde o Concello.

Este espazo fronte ao hospital de Lugo leva anos sendo obxecto de fortes críticas por parte da veciñanza usuaria debido ás constantes fochancas que dificultaban o aparcamento e incluso producían danos materiais nos vehículos.

O firme da Rúa Filarmónica foi repavimentado pola Deputación

A Deputación de Lugo levou a cabo os traballos de repavimentación do firme da Rúa Filarmónica de Lugo, coa aplicación de aglomerado en quente, nunha intervención que dá continuidade ao acondicionamento desta vía de titularidade provincial. Trátase dun treito que dá acceso a numerosas instalacións deportivas e á zona sur do Campus Lucense da USC e que soporta diariamente un elevado volume de tráfico. A institución provincial destina preto de 100.000 euros a esta actuación.

A presidenta da Deputación, Carmela López, lembrou que esta intervención responde a un compromiso adquirido co anterior alcalde, Miguel Fernández, co obxectivo de colaborar na construción dunha cidade máis sostible, accesible e moderna.

López subliñou ademais que estas obras son necesarias para reforzar a accesibilidade e incrementar a seguridade viaria nunha zona especialmente transitada por peóns, entre eles afeccionados do Ensino e do Breogán, tanto da cidade como doutros puntos da provincia. Segundo indicou, o prazo de execución dos traballos é de catro

meses e, unha vez finalizados, a vía converterase nun espazo máis seguro, accesible e funcional.

O proxecto está sendo executado pola empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU e afecta a un tramo de 540 metros.

O estendido do aglomerado le-

vouse a cabo, finalizando unha obra que remata co repintado da vía con marcas reflexivas brancas e á reposición da sinalización vertical. Tamén se repintará a zona de estacionamento situada ao carón do Pazo dos Deportes e instaláranse pasos de peóns elevados.

ARDE LUKUS

Miluna

25 ANIVERSARIO

ARTICULOS DE FIESTA, BISUTERÍA, PLATERÍA Y DETALLES PARA CEREMONIAS

PIONEROS EN VESTIMENTA Y COMPLEMENTOS PARA EL ARDE LUCUS (TRAJES, TÚNICAS, PIELES, COMPLEMENTOS...)

MILUNA SE ENCUENTRA HABITUALMENTE EN DOUTOR CASTRO 26 Y PARA ARDE LUCUS ESTAMOS EN EL ANTIGUO LOCAL DE TOBARIX

Menús a medida

Salones individuales para un mínimo de 18 comensales

Cumpleaños
Comidas familiares
Comidas de empresa
Reuniones
Aniversarios
Bodas
Comuniones
Bautizos

TORRE
NUÑEZ Hotel

982 30 40 40

676 75 52 78

Presentado o estudo para ampliar a capacidade do Pazo dos Deportes



A área de Deportes da Deputación de Lugo deu a coñecer o estudo técnico sobre a ampliación do Pazo dos Deportes de Lugo, un documento que analiza as posibilidades de incrementar a capacidade do recinto e as condicións necesarias para executar esta actuación.

O informe foi elaborado polos arquitectos Antonio Desmots Sierra, Alfredo Antuña Presa, Daniel Villanueva Zarralandia e Fran Mateos Cano, e recolle unha intervención enfocada non só ao aumento do aforo, senón tamén á mellora da funcionalidade, da seguridade e da accesibilidade do pavillón, adaptándoo ás necesidades actuais e ás posibilidades de modernización futuras.

A proposta contempla a construción dunha nova estrutura perimetral exterior á altura da terceira planta. Este espazo permitiría habilitar novos corredores de distribución e evacuación, deixando libres os actuais para instalar bancadas fixas. A actuación suporía incrementar a superficie construída do edificio, que pasaría de 11.384,75 a 14.463,5 metros cadrados, e posibilitaría crear arredor de 1.000 novas localidades para o público.

A reforma tamén incluíría a construción de novas escaleiras de evacuación e a instalación de ascensores para conectar os distintos niveis do recinto, cumprindo coa normativa vixente en materia de seguridade

e accesibilidade. Ademais, prevese a ampliación dos corredores entre a pista e as bancadas móbiles para facilitar unha evacuación máis áxil e segura, así como a actualización dos sistemas de protección contra incendios e control de fumes na cuberta.

Entre outras melloras, o estudo propón habilitar novos aseos na planta superior e reformar os actuais, reorganizar os accesos e o vestíbulo principal, ampliar as zonas administrativas e de cafetería e redistribuír o palco de autoridades. O documento incorpora tamén unha estimación económica para o desenvolvemento do proxecto, cifrada en 13 millóns de euros.

Unha das actuacións previstas no estudo, a reorganización do palco de autoridades, executarase de maneira inmediata. Esta intervención, prevista para os meses de verán, permitirá habilitar 116 novas localidades para público xeral nas bancadas de cara á próxima tempada. O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, explicou que coa presentación deste estudo "cúmprese o compromiso adquirido de analizar as posibilidades reais de ampliación da capacidade do Pazo". Segundo indicou, tratouse dun proceso complexo que requiriu tanto traballo técnico sobre o terreo como a recompilación e estudo de documentación dun edificio inaugurado no ano 1992.

Piden que se execute a reforma do Camiño Primitivo na Ponte

O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, esixiu ao novo goberno local que execute "de maneira inmediata" a reforma do Camiño Primitivo ao seu paso polo barrio da Ponte, unha actuación que, segundo lembrou, "o anterior goberno deixou preparada para a súa execución". Arroxo explicou que a mesa de adxudicación desta obra celebrouse o pasado 14 de maio, quedando así practicamente rematado o procedemento administrativo para iniciar uns traballos "fundamentais para mellorar a seguridade viaria e as condicións do trazado do Camiño Primitivo á saída de Lugo".

"O anterior goberno traballou durante meses para facer realidade esta actuación, deixando preparado o proxecto, a licitación e a adxudicación, pero o novo executivo leva días paralizado



sen ser capaz nin sequera de publicar a acta da mesa de contratación", denunciou Arroxo.

Desde o BNG lembraron que esta actuación contemplaba a renovación integral do firme, a mellora da drenaxe, nova sinalización horizontal e vertical e a creación dunha senda peonil diferenciada para aumentar a seguridade das persoas

que transitan polo itinerario. "Mentres o anterior goberno deixaba proxectos preparados e financiamento asegurado, o actual executivo límtase a bloquear actuacións e deixar pasar o tempo", asegurou Arroxo, quen advertiu de que "Lugo non pode permitirse un goberno instalado na inacción permanente".

O Concello de Lugo rehabilitará dous espazos públicos deteriorados

O Concello de Lugo vén de encargar a redacción do proxecto para rehabilitar a antiga caseta do garda do Parque Rosalía de Castro, un inmoble situado nunha das zonas máis emblemáticas da cidade que leva anos pechado, sen uso e nun evidente estado de deterioro nun espazo situado xunto á área infantil do Parque Rosalía. O obxectivo é recuperar este inmoble, mellorar a súa imaxe e definir novos usos que permitan ofrecer servizos aos usuarios do parque e da veciñanza. Esta actuación súmase a outras iniciativas como o antigo quiosco da Praza Maior, para o que xa se está a tramitar unha solución que permitirá habilitar aseos públicos e un punto de información turística.

A Área de Participación Cidadá xa fixo entrega do decreto que per-



mitirá formalizar a incorporación do inmoble ao patrimonio municipal.

Segundo recolle o informe elaborado polo Servizo de Contratación e Patrimonio, a acta da poxa pública celebrouse o pasado 21 de maio de 2026 e, ao quedar sen licitadores, iniciáronse os trámites necesarios

para a adxudicación do quiosco a favor do Concello de Lugo. O propio documento municipal sinala que este espazo permitirá cubrir dúas carencias existentes actualmente na Praza Maior, ao non dispoñer nin de aseos públicos nin dun punto estable de información turística.

	UNIVERSIDAD Grado en:			PAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA	
	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			
			ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU	
jmrvivas.es				

As obras de mellora da rúa Serra de Meira xa están licitadas

A Xunta de Galicia licitou as obras de mellora integral da rúa Serra de Meira, en Lugo, unha actuación na que investirá 1,1 millóns de euros para renovar e modernizar esta vía da cidade. As obras desenvolveranse no tramo comprendido entre a glorieta de Serra de Meira e a glorieta da avenida Adolfo Suárez. O proxecto contempla a renovación do firme, a execución de novas beirarrúas, a mellora dos itinerarios peonís e a renovación dos servizos urbanos. Ademais, prevese a modernización das redes de abastecemento, saneamento, iluminación e telefonía, co obxectivo de actualizar as infraestruturas básicas da zona e mellorar o servizo á veciñanza.

As actuacións inclúen tamén a instalación de novo mobiliario urbano, dúas marquesiñas de autobús e a plantación de arborado para favorecer unha mellor integración paisaxística coa contorna do parque do Sagrado Corazón.

Durante o acto de presentación, a alcaldesa, Elena Candia, destacou que se trata dunha intervención “moi necesaria para mellorar a seguridade, a accesibilidade e a mobilidade nesta zona da cidade”.



VALORACIÓN DO PSOE. O portavoz socialista no Concello de Lugo, Miguel Fernández, valorou a licitación, aínda que advertiu de que “a presión política e veciñal volve demostrar que dá resultados, porque a Xunta acaba reaccionando, pero chega con anos de atraso”. Fernández lembrou que a situación desta actuación se desbloqueou tras unha reunión coa conselleira competente, na que, segundo explicou, conseguiu que a Xunta asumise a totalidade do custo das obras. “Foi necesario insistir, reivindicar e poñer este asunto enriba da mesa para que a Xunta dese un paso adiante”, sinalou o líder socialista, quen tamén lembrou as declara-

cións da presidenta provincial do PP, Elena Candia, que recoñecera publicamente que o plan Paradai non era unha prioridade.

O portavoz socialista puxo o foco no atraso acumulado por un proxecto que cualificou de “fundamental para a seguridade e a mobilidade da zona” e que, segundo indicou, leva máis dunha década agardando por solucións reais. Ademais, criticou que o proceso de redacción do proxecto sufrise unha “demora absolutamente incomprensible”, lembrando que a propia conselleira anunciara que estaría rematado no pasado mes de outubro e que “case un ano despois seguimos chegando tarde”.

O PSOE pídelle ao Goberno local recuperar o Plan Municipal de Vivenda

O portavoz do Grupo Municipal Socialista de Lugo, Miguel Fernández, instou ao Goberno local a recuperar o Plan Municipal de Vivenda impulsado durante o seu mandato, ao que considera unha ferramenta clave para afrontar os problemas de acceso á vivenda na cidade. Fernández lamenta que, tras a moción de censura, unha das primeiras decisións fose descartar o plan, que cualifica como un documento fundamental baseado nun diagnóstico da realidade habitacional de Lugo e estruturado en tres grandes liñas de actuación.

O primeiro eixo centrábase na conservación e rehabilitación do parque de vivendas existente, tendo en conta que Lugo conta con máis de 62.000 vivendas, moitas delas antigas. Para iso, o plan propoñía reforzar os servizos técnicos municipais para axilizar licenzas, aprobar unha nova ordenanza de conservación e rehabilitación, crear un inventario de inmobles deteriorados que permitise actuacións como expropiacións ou substitución forzosa, e reforzar as axudas e o papel de Evislusa na recuperación de vivenda.

O segundo eixo estaba orientado á mobilización das vivendas baleiras, que o grupo socialista estima en

máis de 10.700. Incluía medidas fiscais para penalizar a desocupación prolongada e a creación dunha Bolsa Municipal de Alugueiro Asequible, co obxectivo de facilitar o acceso a prezos inferiores aos do mercado. O terceiro bloque apostaba por incrementar a oferta residencial, tan-

to pública como privada, mediante cambios normativos que facilitasen usos e construción, a limitación das vivendas turísticas e a posta en marcha de máis de 300.000 metros cadrados de solo urbanizable, cunha reserva do 40 % para vivenda pro-

ORIXE DO CAMPO

Ven a probar nuestro bocata de pulpo

Praza do Campo 9, Lugo
Tel.: 982 198 548

Denuncian a ausencia dun proxecto para a estación de autobuses



O portavoz do BNG de Lugo, Rubén Arroso, cuestionou a resposta remitida pola Xunta de Galicia á iniciativa presentada pola formación nacionalista no Parlamento galego para promover a creación dun Gran Parque Central nos terreos que actualmente ocupa a estación de autobuses. Segundo explicou Arroso, a contestación do Executivo autonómico non aclara se apoia ou non esta proposta e límitase a facer referencia a un protocolo e a posibles estudos sobre os futuros usos da infraestrutura unha vez entre en funcionamento a nova estación intermodal. Para o representante nacionalista, esta resposta evidencia “a falta dunha estratexia clara do Partido Popular para Lugo”.

O portavoz nacionalista apuntou que ao longo dos últimos anos foron presentadas distintas alternativas para este espazo, mentres que agora a formación popular opta por non concretar unha proposta definitiva.

E sinalou que a Xunta evita pronunciarse sobre unha iniciativa que, ao seu xuízo, conta cun im-

portante respaldo tanto social como institucional. Arroso considera que esta forma de actuar responde a unha “dinámica xa coñecida” na cidade, baseada en prolongar os prazos e evitar compromisos concretos. Neste sentido, lembrou outros proxectos que, segundo afirmou, permaneceron durante anos sen avances significativos, como a Vella Residencia, a Tinería, o Cuartel de San Fernando ou o edificio de ASPNAIS.

Para o BNG, a creación dun Gran Parque Central representaría unha oportunidade para transformar unha das áreas urbanas máis relevantes da cidade, incrementando os espazos verdes dispoñibles, mellorando a calidade de vida da cidadanía e impulsando un modelo urbano máis orientado ás necesidades das persoas.

O BNG avanzou que continuará defendendo esta iniciativa tanto no Parlamento galego como no Concello de Lugo e reclamou que sexa a propia veciñanza quen participe na decisión sobre o futuro dun espazo “estratéxico” para o desenvolvemento da cidade.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Marisol Bravos presentará en Madrid o seu libro



A escritora e mestra xubilada Marisol Bravos presentará o seu libro *Unha historia de superación* o próximo 15 de xuño na Casa de Galicia, en Madrid. O acto dará comezo ás 19.30 horas e servirá para achegar ao público unha experiencia de vida marcada pola perseveranza, a loita persoal e o compromiso coa inclusión social. Na obra, a autora relata a súa traxectoria vital, condicionada desde a infancia pola poliomielite, unha enfermidade viral que afectou á súa capacidade física. Con todo, esa circunstancia non impediu que

desenvolvese unha intensa actividade profesional e social, converténdose en mestra e nunha firme defensora dos dereitos das persoas con diversidade funcional.

A presentación terá un significado especial para a autora, que destacou os avances realizados na accesibilidade da Casa de Galicia en Madrid. Bravos celebra que o edificio conte cunha rampla adaptada, unha mellora que lle permitirá acceder sen barreiras ao espazo onde compartirá o seu testemuño nun dos centros de referencia da comunidade galega.

A UNED implantará unha nova titulación en Intelixencia Artificial

A UNED de Lugo presentou a nova titulación en Intelixencia Artificial que o centro universitario implantará o vindeiro curso académico, unha proposta formativa que busca reforzar a especialización tecnolóxica e responder á crecente demanda de profesionais nun dos ámbitos con maior desenvolvemento e proxección de futuro.

Durante a presentación, a presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, destacou que este novo grao “supón unha aposta estratéxica para o futuro da provincia e un paso importante para reforzar a formación nun dos sectores tecnolóxicos con maior crecemento e proxección”. A responsable provincial subliñou que “a Intelixencia Artificial xa está a transformar a maneira na que traballamos, aprendemos e prestamos servizos públicos”, polo que considerou fundamental que Lugo avance nesta dirección e non quede á marxe dos cambios tecnolóxicos actuais.



Neste sentido, explicou que a nova titulación está aliñada coa estratexia provincial de Intelixencia Artificial Mencia, aprobada por unanimidade no Pleno da Deputación celebrado esa mesma mañá. Segundo indicou, esta iniciativa busca impulsar a transformación dixital desde o ámbito público “con garantías, control sobre os datos e adaptada á realidade da provincia”. Carmela López incidiu ademais en que “a innovación tecnolóxica

debe servir tamén para reforzar os servizos públicos, acompañar aos concellos máis pequenos e garantir igualdade de oportunidades na provincia”.

A presidenta destacou tamén o papel do centro como ferramenta de acceso á educación superior na provincia, permitindo estudar sen necesidade de abandonar o territorio e adaptando a formación ás circunstancias persoais, laborais e familiares do alumnado.

Dano Cerebral Lugo expón a mostra ‘Contemos multitudes’

Dano Cerebral Galicia expón no Vello Cárcere ‘Contemos multitudes. Dano cerebral adquirido, onde as cousas perdidas volven estar ben’, unha proposta artística e social que combina fotografía, testemuños persoais e reflexión sobre a vida das persoas con dano cerebral adquirido. A mostra, que poderá visitarse ata o 30 de xullo, está composta por dous bloques principais. Por unha banda, os retratos realizados polo fotógrafo Fuco Reyes no marco do Laboratorio Artístico e Creativo do Dano Cerebral Adqui-

rido, no que participaron persoas das cinco asociacións federadas de Dano Cerebral Galicia. Estas imaxes complétanse con testemuños manuscritos dos propios retratados, que achegan unha visión persoal da súa experiencia coa discapacidade. O segundo bloque recolle 37 traballos de experimentación fotográfica realizados por persoas con dano cerebral adquirido, centrados no relato biográfico e na reflexión sobre as secuelas da lesión. O conxunto busca facilitar a comprensión que supón esta discapacidade.


Preséntase o iTERRA, o novo instituto de investigación en saúde global

O Instituto de Investigación en Saúde Global e Desenvolvemento Sostible (iTERRA) presentouse na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nunha sesión que reuniu representantes académicos e institucionais e que serviu para dar a coñecer este novo proxecto científico ligado ao Campus Terra. O acto estivo presidido pola reitora da USC, Rosa Crujeiras, quen destacou que “nace un instituto cunha axenda científica ambiciosa e plenamente conectada cos desafíos do noso tempo”, su-

bliñando que os seus eixes estratéxicos —a saúde humana e animal, a produción e seguridade alimentaria, a sustentabilidade ambiental e a incorporación da intelixencia artificial e das tecnoloxías dixitais— sitúan o iTERRA na vangarda das prioridades científicas internacionais. Crujeiras puxo tamén en valor a conexión do instituto coa realidade galega, especialmente co sector agroalimentario, o ámbito forestal, a conservación dos ecosistemas, a saúde animal e a innovación tecnolóxica aplicada ao territorio, des-

tacando o papel da investigación pública como motor de desenvolvemento económico e social.

Pola súa banda, a directora do iTERRA, Marta López Alonso, sinalou que o instituto se apoia nun territorio que funciona como “laboratorio vivo”, ao permitir que a investigación se conecte directamente coa realidade e facilite o estudo integral dos sistemas e das súas interaccións. Neste sentido, destacou que o territorio non é só o escenario da investigación, senón unha parte esencial dela.





Reino Animal Lugo

Tanatorio - Crematorio de mascotas

Servicio 24 horas

644 861.417

P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

“Para fomentar a vida nun barrio, a xente debe organizar cousas”

Beni Abeledo, presidente da Asociación Veciñal As Carballeiras, explica os motivos polos que xorde este colectivo no sur da cidade de Lugo

Jessica Fernández

Lugo conta cunha nova entidade veciñal na súa zona sur. Trátase da Asociación Veciñal As Carballeiras, un colectivo que se vén de constituír tras un proceso de reunións iniciado a finais de 2025 por un grupo de arredor de catorce persoas que compartían a idea de crear unha nova estrutura de representación veciñal no barrio.

vida da cidade e fomentar a relación entre veciños e veciñas. Segundo explica o seu presidente, “o que máis nos interesa é fomentar as relacións veciñais, a cooperación e sobre todo a participación activa na vida de Lugo, porque ás veces só nos conformamos con votar cada catro anos e pensamos que hai que participar doutra maneira, non só votar”. A asociación tamén incorpora entre

te nunha ruta polo barrio de Fingoi. Segundo explican, esta iniciativa tiña como finalidade dar a coñecer o propio entorno e a súa historia, xa que, como sinalan, moitas veces a veciñanza non coñece aspectos básicos do lugar no que vive.

Polo momento, a asociación non ten programadas novas actividades pechadas, aínda que están traballando na organización de propostas de carácter lúdico e social que poidan desenvolverse antes do verán, co obxectivo de seguir dinamizando a vida do barrio.

O QUE QUEREN CONSEGUIR. No plano das demandas, o colectivo pon o foco na zona sur de Lugo e na necesidade de avanzar en proxectos xa previstos, como as actuacións en infraestruturas viarias ou a mellora de espazos de estacionamento na contorna da explanada do conservatorio e en Fontiñas. Aínda así, desde a asociación insisten en que non queren limitar o seu ámbito de actuación a un único barrio, senón abordar cuestións que afecten ao conxunto da zona sur da cidade.

“Para fomentar a vida no barrio non hai mellor cousa que a xente propia do barrio organice cousas”, resume Abeledo, quen defende o papel do asociacionismo como ferramenta de dinamización social.

PRIMEIRAS ACTUACIÓNS. A Asociación Veciñal As Carballeiras iniciou a súa actividade pública en Lugo cunha serie de accións centradas na participación cidadá, a defensa dos barrios da zona sur e a mellora dos espazos públicos. A súa primeira iniciativa foi un percorrido guiado polo



O presidente da asociación, Beni Abeledo, explica que o punto de partida foi a percepción de que a zona sur da cidade precisaba outro tipo de representación. “A finais de 2025 xuntámonos un grupo de arredor de 14 persoas porque criamos que tiña que haber unha asociación veciñal nova que representara aos veciños do sur, que desde o noso punto de vista non estaban ben representados ou necesitaban outro tipo de asociación”, sinala.

A partir dese momento, o grupo foi mantendo varias reunións ao longo dos meses seguintes ata que, xa en 2026, se formalizou a constitución da asociación e o inicio da súa actividade. Na actualidade, o colectivo sitúase entre os 35 e 40 socios, segundo explican desde a súa presidencia. A Asociación Veciñal As Carballeiras nace co obxectivo de actuar como canle de comunicación entre a veciñanza da zona sur e as institucións.

O OBXECTIVO. Tal e como resume Abeledo, “o obxectivo é trasladar as necesidades do sur de Lugo e ser un canal de reivindicacións fronte ás institucións, organismos, empresas ou calquera asunto social”, especialmente no que respecta ás cuestións vinculadas co Concello de Lugo. Máis aló desa función de intermediación, o colectivo tamén quere impulsar a participación cidadá na

os seus obxectivos a integración social das persoas que chegan de fóra á cidade. Neste sentido, Abeledo subliña que “hai moita xente de fóra e é importante integralos na vida da cidade, porque tamén forman parte dela”, defendendo a apertura da entidade á participación de toda a cidadanía.

En canto á actividade, As Carballeiras iniciou a súa andaina cunha primeira proposta de presentación consisten-



barrio de Fingoi, no que se deron a coñecer distintos puntos de interese e se explicou o obxectivo da entidade: fomentar a implicación veciñal e representar os intereses de barrios como Fingoi, San Roque, Fonte do Rei, Augas Férreas, Montirón ou Fontiñas. Tamén destacou unha acción de rega popular das árbores situadas na rúa Pintor Corredoira, fronte ao colexio da Anexa. A iniciativa tivo un carácter reivindicativo e buscou reclamar un maior mantemento destes exemplares, especialmente ante as altas temperaturas e a necesidade de garantir a súa supervivencia. Ademais, a asociación trasladou diversas demandas ao Concello de Lugo, entre elas a mellora da limpeza e conservación de camiños e espazos do rural, a reparación da beirarrúa da rúa Escocia, a adopción de medidas ante o risco de derrubamento dunha vivenda na rúa Armórica e o impulso de actuacións que melloren a accesibilidade e a seguridade nos barrios.

No ámbito da mobilidade, As Carballeiras tamén solicitou a continuidade do proxecto de substitución de semáforos por rotondas na Avenida de Magoi, ao considerar que esta

medida contribuiría a mellorar a fluidez do tráfico e a seguridade viaria nunha das principais vías da cidade. Tamén, trasladou a súa preocupación polo estado da área de autocaravanas das costas do Parque Rosalía, un espazo que recibe visitantes ao longo de todo o ano e que “presenta carencias de mantemento e conservación, como a instalación eléctrica, esencial para o funcionamento do servizo e para a seguridade das persoas”. A entidade tamén denuncia o mal estado da sinalización na zona, o que dificulta a orientación das persoas visitantes e transmite. Outro dos aspectos é a falta de limpeza e conservación, que require actuacións de mantemento que garantan unhas condicións axeitadas de uso, hixiene e imaxe pública. A estas deficiencias súmase o estado do valado de madeira da contorna, que continúa sen ser reparado. Finalmente, desde a Asociación Veciñal As Carballeiras fan un chamamento á participación da veciñanza da zona sur de Lugo e lembran que contan con presenza en redes sociais e tamén cunha páxina web, co obxectivo de seguir medrando e consolidar a súa actividade.

CENTRO ÓPTICO AUDITIVO DE LA TORRE

AUDÍFONOS DE ÚLTIMA TECNOLOGÍA:
UNA NUEVA FORMA DE OÍR

PIDE TU CITA: 982 228 457
info@opticadelatorre.com
Calle Quiroga Ballesteros, 1

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

“Normalizar a enfermidade e concienciar á sociedade”

Nuria Sala, presidenta da Asociación Lucense de Esclerose Múltiple, pon en valor o traballo destes 30 anos a prol das persoas que padecen a enfermidade

Jessica Fernández

A Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM) leva desde 1996 traballando para mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas con esclerose múltiple e das súas familias. A entidade naceu da unión de pacientes que buscaban unha rede de apoio nunha época na que apenas existían recursos institucionais para afrontar unha enfermidade complexa, imprevisible e aínda hoxe rodeada de descoñecemento social. Así o explica a presidenta da asociación, Nuria Sala, diagnosticada de esclerose múltiple en 2021 e á fronte da entidade desde hai un ano. Segundo relata, os comezos estiveron marcados pola necesidade de atopar apoio mutuo e ferramentas para convivir co diagnóstico. “Xuntáronse para poder buscar alternativas, para poder afrontar tanto eles como as súas familias o que é o diagnóstico e intentar buscar todas as axudas posibles para lidar coa enfermidade”, sinala.

Sala destaca que a realidade actual é diferente á de hai tres décadas, xa que hoxe existen máis axudas institucionais e programas específicos que permiten desenvolver proxectos especializados para os socios da entidade. ALUCEM forma parte de COGAMI e da Federación Galega de Esclerose Múltiple e centra a súa actividade no acompañamento integral das persoas afectadas.

Entre os principais servizos que ofrece a asociación atópase a atención social, a través da figura do traballador social, así como programas de fisioterapia orientados a mellorar a parte motora e neuromuscular dos pacientes. A entidade tamén desenvolve apoio psicolóxico e obradoiros de memoria e traballo cognitivo para combater algunhas das consecuencias menos visibles da enfermidade.

A presidenta de ALUCEM explica que un dos grandes problemas da esclerose múltiple non se limita unicamente á perda de mobilidade ou á rixidez das extremidades. A enfermidade afecta ao sistema nervioso central e provoca unha diminución da velocidade de resposta e da capacidade para reaccionar a estímulos. Por iso, considera fundamental a terapia cognitiva, que axuda os pacientes a seguir desenvolvendo habilidades mentais e a ralentizar o deterioro asociado á enfermidade.

A ESCLEROSE MÚLTIPLE. A esclerose múltiple é unha enfermidade crónica, autoinmune e dexenerativa do sistema nervioso central que afecta ao cerebro e á medula espiñal. Está

considerada unha das enfermidades neurolóxicas máis frecuentes entre persoas novas de entre 20 e 30 anos e constitúe a segunda causa de discapacidade en adultos novos, só por detrás dos accidentes de tráfico. Ademais, afecta de forma predominante ás mulleres.

A enfermidade recibe popularmente o nome de “a enfermidade das mil caras” debido a que as súas manifestacións poden variar enormemente dunha persoa a outra. Aínda que existen síntomas comúns, como a fatiga, a perda de control muscular, a rixidez das extremidades ou a perda de funcionalidade en determinadas partes do corpo por fallos na conexión neuronal, cada caso evoluciona de forma distinta.

Nuria Sala subliña que o avance da medicina permitiu mellorar notablemente os diagnósticos e os tratamentos. Actualmente, os casos

incerteza e medo entre quen recibe a noticia.

“Cando unha persoa ten o diagnóstico, faise como un mundo, porque o primeiro que pensas é no pronóstico grave da enfermidade”, afirma. Sala recoñece que moitas persoas seguen asociando a esclerose múltiple a casos diagnosticados hai máis de dez anos, cando numerosos pacientes acababan en cadeira de rodas ou sufrían un deterioro moito máis agresivo. “É como un abismo, porque non sabes como afrontar a situación”, engade.

Ante esa realidade, defende o papel do tecido asociativo como unha ferramenta esencial para axudar os pacientes a aceptar a enfermidade e afrontar o futuro. O traballo comunitario e o acompañamento social permiten que as persoas diagnosticadas poidan recoñecerse noutras experiencias similares e aprender



poden detectarse antes ca hai anos, o que favorece un mellor pronóstico e evita situacións graves que eran moito máis habituais décadas atrás. Tamén apunta que en territorios do norte de Europa existe unha maior incidencia de diagnósticos e que, en lugares como Lugo, o clima ou determinadas condicións ambientais poden influír na sensibilidade e na sintomatoloxía dos pacientes.

A presidenta de ALUCEM explica ademais que, ao tratarse dunha enfermidade autoinmune e neurodexenerativa cuxa orixe aínda non se coñece con exactitude, o diagnóstico xera un forte impacto emocional. Aínda que non existe un compoñente hereditario claro, si poden influír factores externos, algo que provoca

a convivir coa enfermidade desde unha perspectiva menos traumática.

O TRABALLO NA ASOCIACIÓN.

Actualmente, en ALUCEM traballan un traballador social, unha fisioterapeuta, unha psicóloga e un técnico de comunicación. Ademais, grazas a unha subvención denominada Cooperera, a entidade conta tamén cun técnico de actividades dirixidas que desenvolve traballo grupal enfocado a mellorar a terapia física e o exercicio dos usuarios.

O obxectivo, explica Sala, é axudar as persoas afectadas a conservar a mobilidade e evitar a perda de tonicidade muscular que provoca a enfermidade. Po-



rén, a labor da asociación vai máis alá do acompañamento sanitario e terapéutico.

“O noso traballo baséase e así seguirá sendo na parte de concienciación, non só para o usuario, senón para a sociedade”, sostén a presidenta de ALUCEM. A entidade considera fundamental avanzar cara a unha maior normalización das enfermidades

iso non significa que perdan as súas capacidades profesionais. A asociación traballa precisamente para evitar que se perpetúe a idea de que unha persoa con esclerose múltiple non é válida para traballar.

“O descoñecemento que a nivel de poboación temos fronte á enfermidade xera esa distancia de coñecemento que fai que ao mellor non haxa tanta comprensión cara a unha persoa que está sa fronte a unha persoa que a padece”, asegura. Por iso, considera que a concienciación é unha “acción clave” non só para apoiar

“O noso traballo baséase, e así seguirá sendo, na parte de concienciación, non só para o usuario, senón para a sociedade”

quen ten un pronóstico grave, senón tamén para acompañar as persoas con diagnósticos recentes e axudalas a entender mellor a enfermidade e sobrelevala no ámbito familiar, social e laboral.

De cara ao futuro, Nuria Sala sinala que a asociación continuará centrando a súa actividade en tres grandes piares. O primeiro será o traballo de concienciación social e acompañamento comunitario para garantir que as persoas diagnosticadas dispoñan sempre de apoio social. O segundo seguirá sendo a fisioterapia, orientada a mellorar a mobilidade e combater a perda de actividade neuromuscular. E o terceiro será a atención psicolóxica e cognitiva, tanto para axudar emocionalmente pacientes e familias como para traballar a memoria e as capacidades cognitivas que se ven afectadas pola progresión da enfermidade e os brotes.

ASPNAIS presentou o seu libro '60 anos, 100 olladas'

A Asociación de Pais ou Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual de Lugo (Aspnais) presentou o libro *Aspnais 60 anos, 100 olladas*, unha publicación coordinada por Xulio Xiz e Antonio Giz que repasa a historia da entidade ao longo das súas seis décadas de traxectoria e recoñece o labor de todas as persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

A obra reúne cen testemuños que, desde o respecto, o afecto e a memoria, ofrecen unha visión plural sobre as orixes, a evolución, a misión e os valores dunha asociación que se consolidou como un referente no acompañamento ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

Os coordinadores da publicación explicaron que o libro nace coa intención de preservar a memoria dunha iniciativa que transformou a vida de numerosas persoas e de poñer en valor o esforzo colectivo de quen fixeron posible o seu crecemento ao longo dos anos.

A alcaldesa de Lugo, Elena Candia, trasladou o seu recoñecemento á entidade e a todas as persoas que formaron parte da súa historia e destacou que Aspnais soubo medrar mantendo intactos os seus principios de proximidade, coidado e defensa da dignidade das persoas.

A alcaldesa definiu a entidade como un exemplo da capacidade da sociedade para unir esforzos na construción dunha cidade máis xusta, máis



humana e con maiores oportunidades para todos.

Pola súa banda, o director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Xunta de Galicia, Antón Acevedo, situou a asociación como unha entidade de referencia no acompañamento ás persoas con discapacidade na provincia de Lugo. E trasladou o agradecemento do Goberno galego pola calidade humana, o esforzo e a dedicación demostrados durante estas seis décadas para visibilizar as necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias. Acevedo reafirmou o compromiso da Xunta con Aspnais e co conxunto do movemento asociativo, ao considerar que constitúe un pilar fundamental para estender o apoio das administracións ás persoas que máis o precisan. Na presentación tamén participou o deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación de Lugo, Miguel Fernán-

dez, quen salientou o valor dunha publicación que recolle a traxectoria dunha entidade que considera un referente social para a cidade e a provincia pola súa contribución á inclusión e á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.

O deputado destacou que Aspnais representa os valores dunha sociedade máis xusta, solidaria e inclusiva, ao tempo que lembrou o compromiso da Deputación coa asociación. Neste sentido, explicou que a institución provincial achega anualmente 5.000 euros para o programa de intervención psicolóxica da entidade, destinado a mellorar a calidade de vida das persoas usuarias. Ademais, lembrou que a Deputación ten cedidas a Aspnais as antigas instalacións do Hospital San Xosé, facilitando o desenvolvemento da súa actividade e da atención que presta na provincia.

A Praza Maior de Lugo acolle unha nova edición de 'Xadrez na rúa'



A Concellería de Cultura do Concello de Lugo anunciou unha nova edición de "Xadrez na rúa", un programa que converterá a Praza Maior nun espazo de encontro para afeccionados e persoas interesadas en iniciarse nesta disciplina. A proposta desenvolverase ao longo de todo o mes de xuño e completárase coa celebración do Torneo "Festa Final do Xadrez", para o día 14.

A actividade principal desenvolverase entre o 1 e o 30 de xuño na contorna do palco da música da Praza Maior. O espazo permanecerá aberto de luns a venres entre as 18:00 e as 20:00 horas. Para iso instalarase un taboleiro de xadrez xigante acompañado de varios xogos convencionais, que estarán a disposición da cidadanía de forma totalmente gratuíta. Ademais, contará con monitores especializados que se encargarán de dinamizar as partidas, ensinar as regras básicas ás persoas que desexen iniciarse neste deporte e asesorar aos participantes durante as sesións. Como complemento ao programa, a Praza Maior acollerá o domingo 14 de xuño o Torneo "Festa Final do Xadrez", que se disputará entre as 16:00 e as 19:30 horas. No caso de choiva ou condicións meteorolóxicas adversas, trasladarase aos sotos da Praza de Abastos.

O torneo desenvolverase cun ritmo de xogo de 10 minutos máis 3

segundos de incremento por movemento. A competición contará cunha categoría para xogadores con clasificación internacional ELO FIDE e cun formato Open dividido en Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Absoluto. Os tres primeiros clasificados de cada categoría recibirán un trofeo, mentres que o resto dos participantes obterán unha medalla conmemorativa.

CAMPAMENTO DE XAQUEDRUM.

Xaquedrum pon en marcha unha nova edición dos "IX Campas de Xadrez e Moito Máis", que se desenvolverá nas instalacións do CEIP Illa Verde ao longo de varias semanas entre finais de xuño, durante xullo e a primeira semana de setembro. O programa está estruturado por grupos de idade e combina o xadrez con actividades lúdicas, deportivas e creativas. Para os máis pequenos, de 4 a 6 anos, ofrécese o campamento "Xadrez divertido", mentres que o grupo de 7 a 12 anos participará en "Xadrez e deporte". Pola súa banda, os adolescentes de 13 a 17 anos contarán cun "Campus de xadrez" con propostas máis avanzadas. As actividades inclúen sesións de xadrez adaptadas a cada nivel, xogos cooperativos, manualidades e tempo libre, ademais de propostas especiais como a festa da auga para os máis pequenos.

A Xove Orquestra de Lugo convoca a terceira edición do CEO

A Xove Orquestra de Lugo Terranova presentou a terceira edición do seu Curso de Especialización Orquestral (CEO), unha iniciativa formativa dirixida a novos músicos que se desenvolverá entre os días 24 e 29 de agosto. Durante unha semana, participantes chegados de diferentes puntos de España terán a oportunidade de perfeccionar a súa formación musical baixo a dirección e asesoramento de profesores de primeiro nivel, nun programa intensivo centrado no traballo orquestral e na interpretación colectiva.

O curso combinará sesións formativas, clases especializadas e ensaios, ofrecendo aos asistentes unha experiencia de aprendizaxe inmersiva que lles permitirá ampliar coñecementos e adquirir novas ferramentas para o seu desenvolvemento artístico e profesional.



Ademais, o programa incluírá distintas actividades abertas ao público en varios espazos de Lugo. Entre elas figuran ensaios e actuacións que permitirán achegar o traballo realizado durante a semana á cidadanía e fomentar o contacto directo entre os músicos e o público.

A programación culminará cun concerto no que os participantes compartirán escenario para interpretar o repertorio preparado ao longo do curso, poñendo o broche a unha iniciativa que busca consolidarse como unha referencia na formación orquestral para a mocidade.

j.m.rivas
ACADEMIA

DEL 15 DE JUNIO AL 29 DE JUNIO

CURSO INTENSIVO DE PAU 2026

- SIMULACROS EXAMEN DIARIOS ADAPTADOS AL NUEVO MODELO COMPETENCIAL
- PREPARACIÓN DE TODAS LAS MATERIAS COMUNES
- PREPARACIÓN DE TODAS LAS MATERIAS ESPECIFICAS
- ACCESO ON-LINE DESDE TU CASA A TODO EL MATERIAL EN NUESTRA AULA VIRTUAL
- ATENCIÓN INDIVIDUAL PERSONALIZADA
- NOS ADAPTAMOS A TU RITMO

Antigua Selectividad
PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

C/ Dr. Fleming, 8. Telf.: 982 81 56 22

“Xa ninguén cuestiona o papel vital das enfermeiras nos sistemas de saúde”

Eva Gómez, presidenta do Colexio de Enfermería de Lugo, pon en valor o traballo que se fai desde o Colexio e analiza o sistema sanitario, que “afrota moitos desafíos estruturais de gran magnitude”

Jessica Fernández

Como chega á Presidencia do Colexio de Enfermería?

Ata 2024, a Xunta de Goberno estaba encabezada por Lourdes Bermello, mentres que eu ocupaba o cargo de tesoureira. Houbo eleccións e saín elixida. Teño un gran equipo de traballo ao meu lado e iso axudoume a tomar a decisión, foi complicado porque existe moito tempo que lle quitas á túa esfera persoal.

Como valora este primeiro ano como presidenta?

Para min, significou darlle unha remuda ao Colexio, pero proporcionándolle continuidade ao traballo desenvolvido ata o momento, xa que os cambios bruscos nun colexio profesional non benefician á profesión. Que haxa unha continuidade dos programas e os traballos para que prosigan permite que medren e melloren. Así, a miña intención é dedicarme ao máximo ao colexio durante uns anos e despois pasar o testemuño. O importante é o proxecto, o obxectivo e o común; acadar logros para a profesión e que a profesión avance; e, lóxicamente, que avance con Lugo.

Como funciona o Colexio?

Nós temos unha xunta de goberno, con nove membros, que está presente no día a día das enfermeiras/os. Todos traballamos no hospital, en atención primaria ou na universidade, e así achegamos a visión da realidade do sistema sanitario e tamén do mundo universitario. A Escola de Enfermería é un pilar estratéxico para a formación de profesionais que nutren a área sanitaria. Despois, contamos con dúas administrativas e con 2.400 colexiadas, somos o colexio sanitario máis numeroso da provincia de Lugo.

Que traballo se leva a cabo?

Un dos fins principais do colexio é ordenar o exercicio profesional da enfermaría e das súas especialidades. Ademais, actúa como órgano consultivo para a Administración e a universidade, participando a nivel nacional, a través do Consello Xeral, na elaboración de informes sobre o futuro e a evolución da profesión. A entidade tamén defende os intereses dos colexiados no seu ámbito laboral, atendendo tanto demandas colectivas como individuais, e vela polos dereitos dos pacientes e usuarios dos servizos sanitarios. Para iso, conta cunha comisión deontolóxica que asesora a Xunta de Goberno sobre o cumprimento dos principios éticos e do código deontolóxico, ademais de traballar para evitar o intrusismo profesional, xa que a

colexiación supón unha garantía para a cidadanía. Entre as súas funcións tamén se atopa a promoción de servizos e prestacións para os colexiados, como programas de formación continua gratuita, iniciativas de investigación, bolsas para máster e doutoramento, axudas para proxectos científicos, publicacións, congresos e premios de investigación. O colexio dispón asemade dunha rede científica de enfermaría

hixiene e un código QR con vídeos sobre consellos de saúde, como protexerse do frío, coidar a pel, que vacinas poñer ou como actuar ante unha emerxencia. Ademais, a través do programa ‘Educación de Saúde na Escola e na Familia’, desenvolven proxectos educativos para fomentar a educación sanitaria desde idades temperás, en colaboración con FAPACEL, organizamos obradoiros de educación afectivo-sexual, RCP

Que importancia ten o Colexio de Enfermería en Lugo?

Creo que constituímos un pilar estratéxico para garantir a calidade da atención sanitaria na nosa área sanitaria e para fomentar ese compromiso coa saúde da poboación. Somos ese nexo entre os distintos profesionais do equipo de saúde e coa comunidade, xa que somos o primeiro profesional ao que acodes e ao que te achegas. Neste sentido,



e dunha publicación propia. A todo isto súmanse outros servizos, como un seguro de responsabilidade civil que cobre a actividade profesional dos colexiados e un protocolo de actuación ante agresións a profesionais. Ademais, organiza actividades sociais e de convivencia, como campamentos de verán e celebracións para as familias, viaxes ou actos de recoñecemento como a festa da excelencia profesional, na que se homenaxea a enfermeiros xubilados e a quen cumpre 25 anos de traxectoria, así como a entrega do premio Faustino Vilar a persoas ou institucións destacadas na defensa da profesión enfermeira.

E actividades con e para o resto da sociedade?

O colexio colabora con diversas entidades sociais e sanitarias en distintos proxectos. Un deles desenvólvese xunto a Cruz Vermella a través da ONG do Consello Xeral, Solidariedade Enfermeira, coa iniciativa “O teu benestar importa”. No marco deste programa repartíronse en Lugo 75 kits que inclúen roupa térmica, luvas, gorro, un termo, un kit básico de

e hábitos de vida saudables. Tamén traballamos nun novo proxecto denominado FASTHEROES, en colaboración co Concello, a Asociación Mundial do Ictus e a Federación Galega de Dano Cerebral, para ensinar aos nenos a detectar de forma precoz un ictus. O colexio mantén asemade contacto con asociacións de pacientes e pretende impulsar un programa de formación para cuidadores informais, centrado en cuidados básicos de persoas dependentes, como cuidados posturais ou manexo da incontinencia. Tamén colabora con asociacións que solicitan apoio específico, como Dano Cerebral, ofrecendo formación e orientación sanitaria aos seus usuarios. Ademais, realiza intervencións puntuais con outras entidades, como a Federación Aeronáutica Galega e o comité de parapente, ás que presta soporte sanitario en competicións. Por outro lado, xunto co resto dos colexios sanitarios da provincia de Lugo organizamos cada seis meses xornadas interdisciplinares para achegar temas de saúde á poboación.

temos a Escola de Enfermería de Lugo, que é un valor engadido. Defendemos que a Escola de Enfermería ten que consolidarse como unha Facultade de Enfermería autónoma e independente da Universidade de Santiago, porque está formando enfermeiras altamente capacitadas e cada vez somos máis visibles e vese que somos máis necesarias.

Cales son os fitos dos que se sente máis orgullosa?

Eu síntome moi orgullosa de dous fitos. Un deles é que en xaneiro se convocaron as primeiras prazas de enfermaría especialista en xeriatría, algo que levamos anos reclamándolle á Consellería. Outro dos fitos dos que me sinto máis orgullosa é que temos este ano varias sentenzas positivas a favor do recoñecemento da carreira profesional. En 2022 permitiuse o acceso a eventuais e a interinos, pero queríamos que se lles recoñecese desde 2018. E agora estamos recibindo sentenzas a favor de recoñecer a carreira profesional ás enfermeiras eventuais sen que repercuta no resto dos procesos posteriores desde 2018.

Considera que a Enfermería está infravalorada?

Non, o papel vital das enfermeiras nos sistemas de saúde é algo que hoxe en día ninguén cuestiona. A pandemia púxonos en valor. Porén, arrastramos un pasado moi estereotipado. Ao ser unha profesión maioritariamente feminina persiste esa imaxe sexista. O coidado sempre se asocia a tarefas propias de mulleres, que é outro tópico que se está a romper. Cada vez estudan enfermaría máis homes e é algo máis normalizado. E creo que a Enfermería xa non é un plan B, senón unha boa opción dentro da rama sanitaria.

Que opina da situación que atravesamos o sistema sanitario?

O sistema sanitario afronta moitos desafíos estruturais de enorme magnitude. O envellecemento acelerado da poboación, o aumento da cronicidade, a maior complexidade clínica, cada vez é unha asistencia máis tecnificada, as tensións que hai en atención primaria, o déficit de profesionais en determinadas áreas e unha presión asistencial cada vez máis sostida. O que necesita o sistema sanitario é reorganizar capacidades, organizar adecuadamente os recursos para permitir que cada profesión exerza plenamente as súas competencias. Isto revirte no sistema sanitario e tamén no cidadán. O sistema sanitario está ancorado nun funcionamento de hai 30 ou 40 anos que non evolucionou. Porén, as profesións sanitarias evolucionaron moitísimo en competencias, en formación e en capacidades. O sistema sanitario non soubo adaptarse a esa evolución tecnolóxica, á sociedade nin á evolución dos profesionais.

Cales son os proxectos de futuro?

En 2029 fanse os 100 anos da creación do Colexio de Enfermería de Lugo e queremos escribir a súa historia, xa que é importante reflectir o vínculo da enfermaría con Lugo e non deixar esquecer a nosa historia. O Colexio de Enfermería creouse en 1929, cando os colexios profesionais se asentaron en Montevideo, no edificio de colexios profesionais, e enfermaría non puido porque non tiña esa capacidade económica. Entón, os colexiados compraron co seu propio diñeiro o local en Amor Meilán. Este local ten moito valor para nós, polo que queremos que sexa o arquivo histórico do Colexio de Enfermería de Lugo, onde gardemos todos os rexistros e os documentos que imos recibindo e con todos eles escribir a súa historia para homenaxearlo e facelo visible en 2029; e que sexa accesible a calquera persoa que queira consultar a crónica da enfermaría lucense ao longo dos anos. Paréceme un proxecto moi bonito, que non se perda esa información e recoller todo ese anaco da historia de Lugo.

Rubén Arroxo preséntase como candidato á Alcaldía polo BNG

O BNG de Lugo presenta a Rubén Arroxo como candidato á Alcaldía de Lugo de cara ás eleccións municipais de maio de 2027. Rubén Arroxo sostivo que “iniciaremos o camiño para devolverlle a Lugo o que leva anos elixindo, un goberno de progreso que a partir de maio de 2027 estará liderado polo BNG”, afirmou. O BNG, baixo o lema “Pola dignidade de Lugo”, traballará durante o vindeiro ano “para facer historia e conseguir a alcaldía de Lugo” despois do “golpe de estado municipal” protagonizado polo Partido Popular apoiado nunha concelleira tráfuga. Arroxo reivindicou o traballo desenvolvido polo BNG durante os últimos sete anos no goberno municipal, asegurando que foron 7 anos “dun goberno de dignidade, de seriedade e de moito traballo”, nos que “conseguimos grandes transformacións para a nosa cidade”.

O candidato nacionalista sinalou ademais que “a inmensa maioría



do traballo que fixemos sempre o fixemos escoitando á veciñanza”, e avanzou que o BNG “seguirá estando ao lado dos veciños coa mesma responsabilidade e coa mesma vontade de mellorar Lugo”.

Arroxo dixo que “o Partido Popular foi incapaz de cuestionar un só proxecto impulsado polo BNG durante estes anos”, e asegurou que

“iso demostra a capacidade de xestión e de transformación do Bloque cando ten responsabilidades de goberno”.

Rubén Arroxo afirmou que ao PP non lle importa Lugo e afirmou que o PP supuxo unha “parálise” para a cidade, “desde o BNG imos seguir traballando por e para os veciños e veciñas”.

Javier Arias é o novo director xeral de Urbanismo no Concello



Javier Arias Fouz tomou posesión como novo director xeral de Urbanismo do Concello de Lugo.

A alcaldesa de Lugo, Elena Candia, destacou a súa formación como avogado especializado en urbanismo e a súa ampla traxectoria profesional neste ámbito. Tamén puxo en valor o labor desenvolvido por Arias durante a súa etapa á fronte da Delegación Territorial da Xunta en Lugo, onde, segundo

sinalou, realizou un “magnífico traballo”.

A alcaldesa lembrou ademais a súa implicación en proxectos relacionados co desenvolvemento de solo industrial a través de Suplusa, unha experiencia que considera especialmente relevante para desempeñar as funcións do posto.

E explicou que Urbanismo constitúe un dos servizos estratéxicos da administración local.

Goberno e Concello reforzan a cooperación institucional

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, e a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, mantiveron unha primeira reunión institucional na que ambas coincidiron en destacar a importancia da colaboración entre administracións para impulsar o desenvolvemento da cidade.

Durante a reunión, López puxo en valor o compromiso do Goberno de España con Lugo, que se traduce na mobilización de máis de 66 millóns de euros destinados a infraestruturas, vivenda, mobilidade e transformación urbana. Segundo indicou, estes investimentos forman parte dun traballo institucional sostido nos últimos anos que permitiu activar proxectos estratéxicos e consolidar unha carteira de actuacións sen precedentes. A subdelegada sinalou que Lugo vive un momento especialmente relevante en materia de investimento público, no que xa se están executando ou teñen financiamento garantido varias iniciativas consideradas clave para o futuro da cidade. Entre elas destacou a estación Intermodal, cun investimento de 22,3 millóns de euros.

Tamén puxo o foco na futura comisaría da Policía Nacional no barrio da Abella, tras a autorización de 9 millóns de euros. Ademais, sa-



lientou a achega de 8,7 millóns de euros procedentes de fondos europeos para o proxecto Novo Norte, orientado á transformación urbana e ao impulso económico da cidade. López incidiu en que estas actuacións non son promesas, senón proxectos xa comprometidos e en distintas fases de execución, e reiterou a disposición da Subdelegación do Goberno para seguir colaborando co Concello desde a cooperación institucional e a lealdade entre administracións.

Pola súa parte, a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, trasladou a necesidade de impulsar distintos proxectos dependentes do Goberno central

que importantes para a seguridade, a mobilidade, as infraestruturas e a calidade de vida da cidadanía. Destacou a situación da rotonda de Nadela, unha das principais portas de entrada á cidade, a futura Comisaría da Policía Nacional e defendeu a creación dunha Unidade de Prevención e Reacción (UPR) estable para Lugo co obxectivo de reforzar a seguridade na cidade.

O encontro serviu tamén para analizar a situación das principais infraestruturas viarias pendentes, como a N-540. E apuntou a que a estación intermodal debe ir acompañada dunha mellora efectiva das conexións ferroviarias.

O PSOE defende a xestión económica do anterior goberno

A portavoz adxunta do Grupo Municipal Socialista no Concello de Lugo, Ana González Abelleira, puxo en valor a xestión económica desenvolvida polo anterior goberno municipal, unha etapa que, segundo defendeu, permitiu consolidar unhas contas públicas saneadas, ampliar a calidade dos servizos á cidadanía e deixar unha situación financeira sólida que ofrece á cidade marxe para seguir avanzando. González Abelleira destacou que os datos oficiais da liquidación do exercicio 2025 desmontan calquera intento de cuestionar o rigor da xestión realizada polos socialistas. “Os números falan por si sós. O Concello de Lugo pechou o exercicio cun superávit real de 14,5 millóns de euros e cun remanente de tesourería para gastos xerais de 23,3 millóns. Esa é a mellor demostración de que se gobernou con responsabilidade, planificación e visión de futuro”, sinalou.

A concelleira lembrou ademais que durante o pasado exercicio a Intervención municipal emitiu un total de 1.988 informes, dos cales 1.881, o 94,6%, non incluíron ningún reparo. “Estamos ante un nivel de control e de cumprimento elevado que acredita o bo funcionamento da ad-

ministración municipal e o rigor coa que se xestionaron os recursos públicos”, afirmou, engadindo que a maior parte do 5 % restante corresponde a gastos de subministracións e situacións sobrevidas. “O anterior goberno utilizou sempre os instrumentos legais dispoñibles para asegurar que os servizos seguían funcionando, que os traballadores cobraban polo seu labor e que as empresas provedoras recibían os pagos correspondentes”, proseguíu. A portavoz adxunta socialista subliñou tamén que o informe de Intervención do exercicio 2025 non detectou ningunha anomalía en materia de ingresos, un dato que, ao seu entender, evidencia a fortaleza dos procedementos de control económico desenvolvidos polo anterior executivo. “A transparencia, a legalidade e a eficiencia foron sempre os piares da nosa acción de goberno. O resultado é un Concello solvente, con estabilidade financeira e preparado para afrontar novos retos”, asegurou.

Por este motivo, fixo un chamamento ao actual goberno municipal para que preserve a senda marcada nos últimos anos e non poña en risco o equilibrio económico acadado.

Todo listo para as festas da parroquia de Tirimol



A parroquia de Tirimol organiza as súas festas o 23, 24, 27 e 28 de xuño cun programa de actividades relixiosas, culturais e musicais.

A programación arrancará o martes 23 de xuño ás 21:30 horas cunha churrascada veciñal. A continuación, celebrarase o tradicional prendido do lume novo e unha verbena amenizada por Verónica Cambón.

O mércores 24 de xuño, día do patrón, as actividades comezaran ás 10:30 horas cun pasarrúas a cargo do grupo da música tradicional de Aroutada. Ás 13:00 horas celebrarase a misa solemne seguida da procesión; e ás 14:00 horas terá lugar a sesión vermú amenizada polo Trío Rosel. A xornada rematará cunha verbena que dará comezo ás 21:00

horas e que tamén contará coa actuación do Trío Rosel.

As festas continuarán o sábado 27 de xuño cunha misa solemne e procesión ás 13:00 horas. A partir das 14:00 horas haberá sesión vermú coa actuación da orquestra Super Top, formación que volverá subir ao escenario ás 23:30 horas para protagonizar a verbena da noite.

O domingo 28 de xuño, ás 13:00 horas, terá lugar a misa solemne seguida da procesión; e ás 14:00 horas será a sesión vermú, amenizada por Begoña García. Pola tarde, ás 18:00 horas, haberá actividades e xogos infantís para os máis pequenos. A clausura das festas chegará ás 21:30 horas coa verbena a cargo do dúo La Hora Bruja.

San Xoán de Pena celebrará as súas festas o 4 e 5 de xullo

A parroquia de San Xoán de Pena ten preparado o programa das súas festas patronais de 2026, que se celebrarán os días 4 e 5 de xullo en honra a San Xoán e á Virxe do Carme, cunha ampla programación pensada para todos os públicos.

As celebracións arrancarán o sábado 4 de xullo cunha gran churrascada veciñal a partir das 21.30 horas, seguida dunha animada verbena que contará coa participación da Charanga Ardores, encargada de poñer a música e o ambiente festivo á primeira noite das festas.

A programación continuará o domingo 5 de xullo cun dos actos máis tradicionais, a misa solemne cantada e procesión, prevista para as 13.00 horas. A continuación celebrarase a sesión vermú, amenizada pola cantante Verónica Cambón. Xa pola tarde, entre as 19.00 e as 21.00 horas, desenvolverase un tardeo musical con Verónica Cam-

bón, acompañado de actividades e animación infantil a cargo de Guachilandia, ofrecendo unha proposta pensada para o disfrute das familias.

A partir das 22.00 horas dará comezo a verbena nocturna, tamén coa actuación de Verónica Cambón e do grupo Los Satélites, que compartirán escenario nunha das citas máis destacadas da fin de semana festiva.

O broche final chegará ás 23.00 horas coa actuación da recoñecida Orquestra Los Satélites, unha das formacións máis populares do panorama musical galego, que será a encargada de pechar as festas.

A comisión organizadora tamén anunciou que o calendario festivo terá continuidade o próximo 7 de novembro, data na que se celebrará unha xuntanza veciñal, destinada a reforzar os lazos de convivencia entre os habitantes da parroquia.

Pecha o curso de restauración de mobles de 'Mans Artesás' en Saa

A parroquia de Saá acolleu a clausura do curso de restauración de mobles promovido no marco do programa 'Mans Artesás', impulsado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo para fomentar o coñecemento e a difusión dos oficios artesanais. O curso foi impartido pola artesá María Folgueira e permitiu ás persoas participantes adquirir coñecementos básicos sobre técnicas de restauración de mobles de madeira e tea. Ademais da formación teórica, o alumnado tivo a oportunidade de aplicar os contidos na recuperación e reparación de pezas do seu propio mobiliario. A actividade durou 24 horas de formación práctica, ofrecendo ferramentas e recursos para prolongar a vida útil dos mobles e fomentar o aproveitamento e a conservación de obxectos a través da restauración artesanal.

O programa 'Mans Artesás' ten



como obxectivo achegar cursos, obradoiros e demostracións de artesanía aos distintos concellos da provincia, atendendo ás peticións formuladas por asociacións culturais e veciñais.

Esta iniciativa reforza as accións de apoio que a Deputación desenvolve en favor do sector artesan, considerado un ámbito clave na conserva-

ción, transmisión e actualización de técnicas e saberes que forman parte do patrimonio inmaterial galego. Ao longo deste ano está previsto que o programa desenvolva máis de 100 actividades en diferentes comarcas da provincia, ampliando as oportunidades de formación e divulgación arredor da artesanía tradicional e contemporánea.

O BNG pide explicacións sobre o proxecto da planta de biometano

O BNG levou ao Parlamento de Galicia unha batería de preguntas para coñecer o estado do proxecto da planta de biometano proxectada en Coeses, no municipio de Lugo, despois de recibir avisos da veciñanza que asegura detectar movementos para a posible recuperación da iniciativa. Segundo denuncian os afectados, a empresa promotora, mesmo tras a denegación do permiso, continúa mantendo alugados os terreos onde se prevía construír a instalación, cun investimento superior aos 20.000 euros anuais.

O portavoz do BNG de Lugo, Rubén Arroxo, sinalou que a chegada de Elena Candia á Alcaldía de Lugo está a propiciar, ao seu xuízo, o rexurdimento de proxectos que xa se consideraban descartados polos seus posibles impactos negativos para a cidade. Arroxo lembrou as reunións e mobilizacións impulsadas pola formación nacionalista xunto coa veciñanza para tentar paralizar o proxecto e aumentar o control sobre este tipo de plantas.

Pola súa banda, a deputada autonómica, Montse Valcárcel, explicou que o problema non reside na tecnoloxía do biogás ou biometano, senón no modelo de planta proposto, especialmente pola súa proximidade aos núcleos de poboación e pola forma na que se xestionan este tipo de ins-



talacións. Segundo indicou, estanse promovendo plantas de gran tamaño que requiren un elevado volume constante de residuos, o que obriga a traer materia prima desde zonas afastadas, incrementando tamén o risco ambiental e operativo.

Valcárcel advertiu de que o aumento de escala destas plantas implica maiores volumes de almacenamento, máis operacións de descarga e un incremento dos riscos en caso de escapes de emisións ou incendios. Neste sentido, asegurou que o impacto dunha instalación destas características preto de vivendas podería ser "brutal" e reclamou á Xunta que priorice a protección das persoas e do territorio fronte a intereses económicos.

O BNG propón establecer unha re-

gulación máis estrita para o sector, con distancias mínimas de 3.000 metros entre estas plantas e os núcleos de poboación, e respecto a elementos patrimoniais ou naturais. Tamén pide limitar a distancia de transporte dos residuos, fixando 20 quilómetros para os líquidos e un máximo xeral de 50 quilómetros, ademais de establecer un tope de 200.000 toneladas anuais de capacidade.

A formación nacionalista reclama igualmente normas específicas para os materiais de entrada e saída das instalacións, a regulación da xestión do dixestato xerado no proceso e restricións á circulación de transporte pesado asociado a estas plantas, que non debería atravesar núcleos urbanos nin zonas habitadas no rural.

DEPUTACIÓN

Nace Mencia, a estratexia de intelixencia artificial para modernizar a Deputación

A Deputación vén de presentar Mencia: unha estratexia propia de intelixencia artificial para os vindeiros anos (2026- 2030). “Xa está aquí. A intelixencia artificial vai transformar a maneira de traballar das institucións, e nós tiñamos claro que a Deputación de Lugo non podía quedar esperando a ver que facían os demais”, sostivo a presidenta da entidade provincial, Carmela López. Mencia nace “da idea de que a innovación tecnolóxica tamén ten que servir para reforzar os servizos públicos e para acompañar aos concellos máis pequenos nun proceso que, moitas veces, sería imposible afrontar en solitario”.

Nese sentido, Carmela López especificou que a provincia de Lugo conta con 67 concellos, 66 deles están por debaixo dos 20.000 habitantes; “o que significa que falar aquí de intelixencia artificial é falar tamén de cohesión territorial e de igualdade de oportunidades”.

Por iso, o obxectivo é conseguir que a transformación dixital non agrande a distancia entre territorios, senón que a reduza. “Lograrémolo a través dun modelo propio, feito pola Deputación, baseado en código aberto e pensado para servir mellor aos nosos veciños e veciñas”.

Un modelo no que a supervisión humana segue sendo fundamental, no que os datos permanecen baixo control institucional e no que a transparencia forma parte do propio deseño da estratexia”.



Así, López sostén que “tiñamos que prepararnos, pero facéndoos ao noso xeito: desde o público, con garantías, con control sobre os datos e pensando na realidade concreta desta provincia”.

Por outra banda, desde a Deputación de Lugo faise unha aposta clara pola defensa da lingua e iso tamén se ve reflectido nesta nova iniciativa. Tal e como subliñou a presidenta, “o uso do galego era algo irrenunciabile, porque a nosa lingua ten que estar tamén nos espazos onde se vai construír o futuro”.

MENCIA, TÉCNICAMENTE. Lévasse a cabo unha estratexia estruturada en catro piares: gobernanza e cumprimento, que fixa os principios reitores, os órganos de goberno e os mecanismos de control normativo; transformación dixital interna, que ten o seu núcleo no Laboratorio Mencia e na transformación da eficiencia dos servizos provinciais; IA ao

servizo dos municipios, que materializa a competencia de asistencia aos concellos; e ecosistema territorial e innovación, que articula a colaboración co tecido institucional, universitario e empresarial galego. Mencia será posible a través de dous eixos operativos, un interno, que será o propio Laboratorio Mencia e un eixo territorial conformado polo Centro de innovación Territorial (CIT) da provincia de Lugo. Así, Laboratorio Mencia é a infraestrutura tecnolóxica da Deputación para o desenvolvemento e despregamento de sistemas de IA de código aberto; e artículase en tres compoñentes: Un motor, a infraestrutura tecnolóxica que executa os modelos de IA; unhas mans, as aplicacións e asistentes que permiten interactuar co sistema; e un cerebro, o sistema que conecta todos os elementos para que funcionen de maneira coordinada.

Laboratorio Mencia contará ademais con diferentes aplicacións que

permitirán, nun máximo de tres interaccións, realizar tarefas mecánicas e complexas en moito menos tempo, facilitando o labor dos traballadores e traballadoras, para que poidan dedicarse a aquelas cuestións de alto valor.

Entre algunhas das aplicacións está un resumidor de documentos, un extractor de texto, transcritor de audio, un monitor de edictos do BOE, un xestor intelixente do correo electrónico, un almacén de instrucións, unha calculadora de prazos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, ou un analizador de convocatorias de axudas e subvencións.

Contará tamén cos chamados asistentes, ‘chatbots’ especializados cos que o usuario interactúa mediante conversación natural, que serán adestrados con instrucións de sistema específico e unha base de coñecemento pechada: non accede a Internet nin a información fóra do seu ámbito asignado.

Con todo, Mencia terá un horizonte de implantación de catro anos, que comezará coa posta en produción das oito aplicacións e nove asistentes e a aprobación da estratexia no Pleno. No segundo semestre do 2026 e comezos do 2027 está prevista a constitución do Comité de Gobernanza e os primeiros pilotos. Está previsto que o despregamento interno completo se produza entre o 2027 e o 2028; e de cara ao final dos catro anos este novo ecosistema estea consolidado.

Abriuse o prazo para os Premios á Excelencia do Turismo e da Gastronomía

Abriuse o prazo para presentar candidaturas á sétima edición dos Premios que recoñecen a Excelencia do Turismo e da Gastronomía da provincia de Lugo impulsados pola institución provincial. O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou este martes, 19 de maio, as bases e a información da convocatoria deste ano que busca recoñecer dun xeito honorífico o labor de persoas; entidades públicas e privadas; así como actividades e proxectos que destacan pola súa contribución ao desenvolvemento turístico, á innovación, á sustentabilidade e á posta en valor da gastronomía lucense.

O prazo para participar estará aberto ata o 20 de xuño e as candidaturas deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica. Poderán optar aos premios persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional. Os galardóns inclúen tres categorías.

O Premio Lugo Cambia ao Turismo Lucense, que recoñece iniciativas que promovan de maneira destacada o turismo na provincia.

Premio Turismo Sostible está dirixido a proxectos exemplares por fomentar un modelo turístico respectuoso co medio ambiente e a identidade local.

E o Premio ...E para comer, Lugo á Gastronomía está centrado na posta en valor da calidade e singularidade da oferta gastronómica da provincia.

Reclámase un pacto galego contra o transfuguismo blindado por lei

O Pleno da Deputación sacou adiante unha iniciativa para reclamar un pacto galego contra o transfuguismo político blindado por Lei, co obxectivo de “reforzar a estabilidade institucional, a lealdade democrática e o respecto á vontade expresada pola cidadanía nas urnas”. Así se acordou tras unha moción socialista aprobada co apoio do propio PSdeG, o BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

“A resposta cidadá foi rotunda, miles de persoas concentráronse na maior mobilización política rexistrada en Lugo en moitos anos. Non podemos permitir que se modifique así a vontade dos veciños e veciñas e tampouco que as mocións de censura

queden amparadas por prácticas de transfuguismo”, valorou a Presidenta da institución provincial, Carmela López, antes de entrar ao Salón de Plenos da sede provincial.

Durante o debate, a voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto, sostivo que o ocorrido no Concello de Lugo “abre un debate de fondo sobre os límites éticos do transfuguismo político”, e advertiu de que “non se pode normalizar que maiorías saídas das urnas se alteren a través da deslealdade política”.

Sinalou que a moción de censura “é un instrumento plenamente legal e lécitimo do noso ordenamento democrático. Pero o seu uso non pode ampararse na mera literalidade da

norma cando contradí de fronte o seu espírito. A democracia representativa sostense sobre un principio elemental, e é que a vontade popular expresada nas urnas constitúe a fonte de credibilidade máis importante das institucións públicas”. Concluindo que cando ese mandato se altera comprando vontades individuais, o que se debilita é a confianza da cidadanía no propio sistema democrático.

García Porto argumentou ademais que “o problema é converter a traxón política nun mecanismo útil para chegar ao poder”, e criticou que o Partido Popular “normalice prácticas que debilitan a confianza cidadá nas institucións”.

RUTAS POLO ROMÁNICO



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, celebrou o éxito do programa de Rutas polo Románico impulsado pola Deputación de Lugo, que pechou cun éxito rotundo de participación cubrindo as 300 prazas ofertadas e mesmo rexistrarse listas de agarda en varios dos itinerarios. A institución provincial impulsa este programa para conmemorar o Día da Transrománica, que se desenvolveu ao longo de cinco xornadas cun total de 16 rutas gratuítas e guaidas polo patrimonio románico da provincia.

AO NOSO CARÓN

Xogal 2026 levará a concellos lucenses unha proposta de lecer

Os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra Chá, Terras de Miranda, Miño Ulla e Montes e Vales Orientais impulsarán este verán a segunda edición de Xogal, unha iniciativa que combina turismo, cultura e diversión para dar a coñecer o patrimonio de dez municipios da provincia de Lugo a través de diferentes retos e probas ao aire libre.

A proposta desenvolverase entre os meses de xuño e setembro e permitirá aos participantes percorrer distintos espazos de interese histórico, cultural e natural mentres resolven enigmas e superan desafíos adaptados ás características de cada localidade. A actividade está deseñada como unha experiencia inmersiva na que cada concello se converte nun gran taboleiro de xogo. Os participantes deberán completar unha serie de probas relacionadas coa historia, as tradicións e os elementos patrimoniais de cada territorio, fomentando así o coñecemento do medio rural dun xeito dinámico e participativo.

A organización destaca que esta

iniciativa busca atraer visitantes a zonas menos coñecidas da provincia, contribuíndo á dinamización económica e turística das comarcas participantes. Ademais, os asistentes poderán optar a diferentes premios e participar en sorteos de produtos locais, promovendo tamén o consumo de proximidade.

A programación arrancará o 13 de xuño en Cervo e continuará durante todo o verán por distintos municipios da provincia, entre eles Lourenzán (20 de xuño), Guitiriz (26 de xuño), Negueira de Muñiz (27 de xuño), Monterroso (1 de xullo), Meira (4 de xullo), A Fonsagrada (11 de xullo), Castro de Rei (26 de xullo) e Taboada (6 de agosto), antes de rematar o 19 de setembro en Foz. Tras a boa acollida da primeira edición, na que participaron arredor de 1.500 persoas, os organizadores confían en consolidar Xogal como unha proposta de referencia para descubrir o rural lucense mediante actividades lúdicas e culturais destinadas a públicos de todas as idades.

O Ciclo Mestre Mateo volve a percorrer a provincia de Lugo

O Ciclo Mestre Mateo, o circuío de cinema galego que achega as producións máis destacadas do audiovisual galego a concellos sen salas comerciais, volverá á provincia de Lugo, percorrendo os concellos de A Fonsagrada, Foz, A Pobra do Brollón, Monterroso, Taboada, Meira, Sarria e Vilalba, que acollerán as proxeccións desta nova edición do ciclo, que continúa achegando o audiovisual galego a vilas sen salas comerciais e reforzando a rede cultural da provincia. Nesta edición, o público poderá ver un total de oito títulos: 'Sirát', 'As liñas descontinuas', 'Antes de nós', 'San Simón', '360 curvas', 'O son da nova regueifa', 'Deuses de pedra' e 'O silencio herdado'.

O apoio da Deputación foi clave para o éxito da iniciativa nestes catro anos, nos que se levaron a cabo 232 sesións de cinema, que reuniron un total de 6.010 espectadores e espectadoras. Estes datos consolidan o ciclo como un dos proxectos culturais con maior implantación territorial na provincia de Lugo.

Nesta liña, a membro da xunta directiva da Academia Galega do Audiovisual, Lucía Regueiro, sinalou que "estamos seguros de que a calidade das películas seleccionadas nesta edición 2026 e a resposta do público



darán continuidade a estes excelentes resultados de asistencia". Durante estes anos na provincia de Lugo participaron xa numerosos concellos, cun total de 40 películas proxectadas, 232 sesións de cinema e 6.010 espectadores e espectadoras.

A deputada de Cultura, Iria Castro, valorou "a continuidade deste ciclo que puxemos en marcha da man da Academia Galega en 2022 para achegar o audiovisual en galego a vilas que non contan con salas comerciais. Abrimos novas canles de difusión para as producións en galego, achegando a elas un público moi heteroxéneo, mais aló dos espectadores e espectadoras que acuden habitualmente ás salas de cine".

A responsable de Cultura explicou que "o ciclo de proxeccións dá continuidade a un ano en que Lugo foi centro do audiovisual galego, coa celebración da gala dos Premios Mestre Mateo"; e destacou "a ampla representación de profesionais das comarcas de Lugo nas películas e documentais que se proxectarán, e como finalistas dos Premios Mestre". Pola súa parte, Lucía Regueiro destacou que "unha cuestión importante para a Academia é a conexión do público co cinema que se produce en Galicia. Por iso, un dos obxectivos do Ciclo Mestre Mateo é facilitar ás persoas o acceso a unha programación de cinema galego actual e de calidade".

O CIM móbil visita diferentes concellos da provincia de Lugo



Unha unidade móbil do Centro de Información á Muller (CIM) da Consellería de Política Social e Igualdade percorrerá concellos da provincia de Lugo durante o mes de xuño. Nas vindeiras xornadas estará en Alfoz do Castrodouro o mércores 17; en Cervantes o xoves 18; no Páramo o venres 19; no Incio o luns 22; en Negueira de Muñiz o martes 23; na Pobra do Brollón o xoves 25; en Pantón o venres 26; en Oural o luns 29, e en Guitiriz o martes 30.

O Goberno galego puxo en marcha esta iniciativa no mes de febreiro co obxectivo que achegar os CIM a toda a xeografía galega, en especial a aqueles concellos onde non existen este tipo de centros.

A finalidade é que toda a cidadanía teña acceso a este recurso, que ofrece información, asesoramento, atención, orientación e acompañamento psicolóxico, social e xurídico gratuito en materia de igualdade e violencia de xénero.

A CIG acusa ao Sergas de pechar máis de 500 camas hospitalarias

A CIG-Saúde denuncia que o SERGAS volverá afrontar o período estival cunha política de recortes na atención hospitalaria co peche de máis de 500 camas nos hospitais públicos galegos, malia que a realidade asistencial evidencia que o sistema sanitario xa presenta graves problemas de saturación e dificultades para dar resposta á demanda existente. A organización sindical considera especialmente grave que esta redución da capacidade hospitalaria se produza nun contexto no que centos de pacientes permanecen diariamente nos servizos de urxencias á espera dunha cama de hospitalización. Nalgúns casos, as persoas doentes vense obrigadas a pasar horas e mesmo días en observación ou en espazos habilitados provisionalmente ata que se produce unha alta ou queda unha cama dispoñible.

Para a CIG-Saúde resulta incomprendible que o Sergas manteña pechadas centos de camas mentres se cronifica unha situación que afecta directamente á dignidade das persoas doentes e á calidade asistencial. "Non se pode afirmar que sobran camas cando hai pacientes ingresados nas urxencias porque non teñen onde ser hospitalizados". Por Áreas Sanitarias a previsión de peche é, en Pontevedra, 26 camas; Vigo, 180; Coruña, 92; Ferrol, 32; Santiago, 88; A Mariña, 36; Monforte, 28; Lugo, 68 e en Ourense non lles comunicaron nada.

A central sindical lembra que "é unha decisión estrutural que se repite ano tras ano e que ten consecuencias directas sobre a atención sanitaria, incrementando a presión sobre as urxencias, retrasando ingresos hospitalarios, aumentando a carga de traballo dos profesionais e

limitando a capacidade de resposta dos centros sanitarios".

Ademais, din que "esta política vai acompañada dunha insuficiente cobertura das vacacións e ausencias do persoal, o que provoca que moitos servizos funcionen durante o verán con cadros de persoal reducidos, a pesar de que as necesidades asistenciais non desaparecen e incluso aumentan en comarcas pola chegada de poboación desprazada".

A CIG-Saúde denuncia que o Sergas "continúa a planificar a asistencia sanitaria en función de criterios económicos en lugar de facelo en función das necesidades reais da poboación". A organización sindical advirte de que a falta de investimento en recursos humanos e materiais está detrás dunha situación que cada ano se reproduce con maior intensidade.

Presentan as III Olimpíadas Rurais de Galicia, que serán a final de mes

Friol volverá situarse este verán no centro do deporte tradicional e da cultura popular galega coa celebración das III Olimpíadas Rurais de Galicia, que terán lugar os próximos 26, 27 e 28 de xuño e que se consolidan xa como unha das citas lúdico-deportivas máis destacadas do rural galego.

A programación arrancará o venres 26 de xuño coa gala inaugural e o tradicional desfile dos equipos participantes polas rúas da vila ata a Praza Andón Cebreiro, que volverá ser o epicentro principal das actividades. Neste espazo realizarase a presentación oficial dos equipos e disputaranse as primeiras probas da competición.

Nesta edición participarán 20 equipos integrados por 20 persoas maiores de 16 anos, que competirán durante toda a fin de semana en diferentes xogos tradicionais nos que se poñerán a proba a forza, o equilibrio, a habilidade e a destreza dos participantes.

Entre as probas máis destacadas manteranse algunhas das máis populares e espectaculares de anos anteriores, como a cucaña, a cesta va, os zancos, as cintas, a carreira de sacos, a piola, a carreira de lazos, a billarda, a chave de Ferrol, a carreira de carretilla, a comba, o tiro da corda, o lanzamento de adoquín ou



a cadeira da raíña. Ademais, a organización avanzou que haberá novas actividades e sorpresas que se irán coñecendo nas próximas semanas.

AS NOVIDADES. Unha das novidades anunciadas polo alcalde, José Ángel Santos, será a invitación ao xantar do domingo para os 400 participantes desta terceira edición, reforzando así o espírito de convivencia que caracteriza o evento.

Precisamente, a gastronomía volverá ter un papel protagonista durante toda a fin de semana. Nas mañás do sábado e do domingo celebraranse almozos con produtos típicos da comarca, mentres que os xantares populares reunirán participantes e visitantes nun ambiente festivo e de irmandade. O evento servirá tamén

para promocionar algúns dos produtos máis representativos de Friol e da súa contorna.

A música e a animación serán outro dos grandes atractivos das Olimpíadas Rurais. A organización prepara unha intensa programación musical con concertos, charangas, DJs e actividades para todos os públicos ao longo das tres xornadas. O venres pola noite actuarán LouBand e DJ Cosme; o sábado ao mediodía será a quenda da Charanga ChisPum e xa pola noite subirán ao escenario A Banda da Balbina e Los Alcántara. O domingo, durante a sesión vermú, actuará a Charanga Bamboleo e, a partir das 18.00 horas, La Indirigible será a encargada de pechar oficialmente esta terceira edición das Olimpíadas Rurais de Galicia.

O Goberno local inviste na renovación do contedores de residuos



O Concello de Friol vén de sacar a licitación a adquisición de novos colectores de residuos por 50.000 euros, unha actuación que permitirá renovar progresivamente os recipientes instalados nas parroquias e núcleos rurais do municipio.

Os novos colectores substituirán aqueles que presentan un maior grao de deterioración debido ao paso do tempo e ao uso continuado, mellorando tanto a súa funcionalidade como a seguridade e comodidade para os veciños.

Ademais, esta renovación permitirá optimizar o servizo de recollida e favorecer unhas condicións máis

axeitadas de hixiene e salubridade. Desde o Concello destacan que esta actuación responde ás necesidades detectadas nas distintas parroquias e enmárcase nun plan continuo de mellora dos equipamentos e servizos municipais no ámbito rural.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, sinalou que “seguimos traballando para dotar a todas as parroquias dos mellores servizos posibles, garantindo que os veciños do rural dispoñan de infraestruturas modernas e en bo estado. A renovación dos colectores era unha necesidade que imos atender con este investimento”.

Luz verde para o orzamento, que acada os 5,9 millóns de euros

O Concello de Friol contará en 2026 cun orzamento histórico de 5.925.000 euros, consolidando a tendencia ascendente dos últimos anos. As contas municipais supoñen un incremento de 1,66 millóns de euros respecto ao exercicio 2023 e de máis de 610.000 euros en relación co ano 2025, reflectindo unha planificación responsable e unha xestión eficaz dos recursos públicos. Neste sentido, o asentamento de empresas e o impulso da actividade económica están contribuíndo a frear a perda de habitantes e atraer novos veciños, un factor clave para asegurar o futuro do municipio.

O capítulo de gasto corrente supera os 3,1 millóns de euros, representando o 52,48% do total do orzamento. Esta partida permitirá reforzar servizos esenciais como o mantemento de vías públicas, o abastecemento de auga e saneamento, a recollida e tratamento de residuos, a limpeza

viaria, o alumeadado público e o coidado de parques e xardíns.

Entre as actuacións previstas destaca tamén a renovación de parques infantís, cun investimento superior aos 148.000 euros.

As políticas sociais continúan sendo unha prioridade para o Concello, cunha dotación superior aos 1,15 millóns de euros, arredor do 20 % do orzamento municipal. Boa parte destes recursos destínanse ao Servizo de Axuda no Fogar, que atende actualmente a máis dun cento de familias do municipio.

Do mesmo xeito, o Concello reforza o seu compromiso coa educación, a cultura e o deporte, destinando preto dun millón de euros ao desenvolvemento de actividades, eventos e servizos fundamentais para a vida social e comunitaria.

As subvencións directas incluídas no orzamento superan os 150.000 euros e contemplan axudas á nata-

lidade, apoio ao tecido asociativo cultural e deportivo, así como colaboración con colectivos sociais e persoas en risco de exclusión. Entre estas achegas inclúense tamén liñas de apoio a entidades que traballan con familiares de enfermos de Alzheimer e outros colectivos vulnerables.

O capítulo de investimentos supera os 1,1 millóns de euros e céntrase principalmente na mellora de infraestruturas viarias, o desenvolvemento rural, os equipamentos públicos, as instalacións deportivas e os servizos ambientais.

O Goberno local subliña a significativa redución das obrigas pendentes recollidas no Plan Económico Financeiro, acadada sen incrementar a presión fiscal sobre a cidadanía.

O executivo municipal sinala que, tendo en conta as modificacións de crédito xa executadas, o orzamento real do Concello supera xa actualmente os 6,1 millóns de euros.

Adxudican a renovación de dous parques infantís

O Concello vén de adxudicar á empresa Calfensa S.L. o proxecto de renovación integral dos parques infantís situados no Parque Rosalía de Castro e no Parque Félix Rodríguez de la Fuente, dous espazos de referencia para o lecer familiar no centro do municipio.

O proxecto conta cun orzamento total de 165.140,97 €, dos cales a Xunta de Galicia financia 148.626,87 €, sendo a contía restante asumida con fondos propios do Concello de Friol. A actuación foi adxudicada por un importe de 139.131 € e contará cun prazo de execución de dous meses e medio.

A intervención permitirá acometer unha mellora integral de ambas instalacións co obxectivo de modernizar os espazos, incrementar a seguridade e garantir a accesibilidade universal. Os traballos previstos inclúen a substitución do pavimento actual por un chan continuo de caucho, que mellora a absorción de impactos e reduce o risco de lesións. Tamén se insta-

larán novos xogos infantís fabricados con materiais resistentes e sostibles, adaptados a distintas idades e con opcións inclusivas.

Ademais, eliminaranse barreiras arquitectónicas para facilitar o acceso a menores con mobilidade reducida, rehabilitarase o mobiliario urbano e habilitaranse novas zonas de sombra mediante a plantación de árbores autóctonas e a instalación de pérgolas.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que “esta actuación representa un avance significativo na mellora dos espazos públicos municipais, mediante a creación de áreas de xogo máis seguras, modernas e inclusivas, orientadas ao benestar das familias e da infancia”. Así mesmo, sinalou que “a renovación destes parques responde ao firme compromiso do goberno local coa mellora da calidade de vida da veciñanza e coa promoción de espazos plenamente accesibles para toda a cidadanía”.

outeiro de rei

Firman o convenio para dotar ao concello dun Centro de Día

Outeiro de Rei contará cun Centro de Día, no encontro das rúas de Manuel María e do Pazo, despois de firmar o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. En concreto, trátase de levar a cabo a construción dunha nova edificación na rúa Manuel María, a rehabilitación dunha edificación auxiliar existente e a integración dos novos espazos coa planta baixa da antiga Casa Reitoral de Outeiro de Rei, rehabilitada recentemente. O conxunto permitirá desenvolver actividades asistenciais, terapéuticas, sociais e de lecer propias dun centro de día. Trátase da concesión dun préstamo, sen xuros, do Fondo de Cooperación da Xunta para municipios de menos de 50.000 habitantes, que suma un importe de 154.989,72 euros. O orzamento total da actuación será de 623.958,45 euros.

Esta intervención desenvolverase mediante a iniciativa da Xunta que está destinada a financiar actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, do-



tado con algo máis de 3 millóns de euros. Trátase de préstamos sen xuros que os concellos poden devolver no prazo máximo de 8 anos.

REACCIÓN DA OPOSICIÓN. O BNG de Outeiro de Rei valora positivamente que o Concello dea finalmente pasos para avanzar na finalización do Centro de Día, unha infraestrutura que leva máis de oito anos pendente e que o grupo nacionalista leva anos reclamando. Así, lembra que en 2017 o goberno local votou en contra da proposta

do BNG para crear este servizo, e critica que o municipio siga sendo un dos poucos da contorna sen Centro de Día, obrigando ás familias a depender de recursos afastados.

O grupo tamén cuestiona a xestión do executivo municipal ao considerar que o proxecto foi adiado durante toda a lexislatura e que agora se anuncian avances coincidindo co contexto electoral.

Aínda que o BNG celebra o progreso, advirte que permanecerá vixiante para que o proxecto se execute con garantías.

Penas de Rodas prepárase para a 46ª edición da Romaxe

A Asociación de Penas de Rodas celebrará o 28 de xuño a VI Feira de Artesanía e Produtos da Terra en Penas de Rodas dentro da 46 Romaxe. A feira reunirá a artesáns e produtores, ofrecendo unha variedade de produtos da terra e pezas artesanais. A programación dará comezo ás 11:00 cun partido de fútbol no Penedo, seguido dunha exhibición do Xogo da Billarda, que terá lugar diante das Penas. Ás 12:00, abrirá a Feira de Artesanía e Produtos da Terra. Ás 13:00 horas celebrarase o pregón, que estará a cargo de Lis Latas, músico, artesán de gaitas e mestre de música e danza tradicional. A continuación, ás 13:30 horas, os asistentes poderán gozar dun vermú amenizado polo grupo Son de Lugh, antes do tradicional xantar campestre. Xa pola tarde, os máis pequenos e o público familiar terán protagonismo cos xogos populares organizados por Xotramu. Ás 17:00 horas disputarase o II Aberto de Billarda de Penas de Rodas, no Campo de Fútbol O Penedo, coincidindo coa representación do Grupo de Teatro Penas de Rodas. A música volverá ser protagonista ás 18:15 horas coa actuación do grupo Panosedán, e a clausura terá lugar ás 19:45 horas.

Abre a inscrición da Feira de Artesanía do 4 de xullo



O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo oitava edición da súa tradicional Feira de Artesanía que terá lugar o sábado 4 de xullo.

Por tal motivo, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía deste ano polo que as persoas que desexen asistir como expositores na sección de artesanía ou de alimentación poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local a partir do día 15 de maio ou nos teléfonos 982 393 382/ 982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h. O Concello ofrece aos expositores

admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en jaimas ou similar e sen custo).

Á hora de obter posto valórase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas autónomas dadas de alta nun epígrafe do IAE correspondente a unha actividade artesanal; no caso da sección de alimentación, as empresas alimentarias inscritas no rexistro de artesanía alimentaria de Galicia, ou equivalente se proceden doutras comunidades autónomas.

portomarín

Portomarín acolle a exposición 'O río que nos move' ata o día 30



O Pazo Xeneral Paredes de Portomarín acolle a exposición 'O río que nos move. En canoa polos 317 km do Pai Miño' ata o 30 de xuño, unha iniciativa promovida pola Asociación Cultural 40 anos do Descenso do Miño que rende homenaxe a unha singular aventura realizada hai catro décadas.

A mostra, considerada polos seus organizadores como a primeira gran exposición dedicada integramente ao río Miño, recolle un centenar de fotografías en gran formato tomadas durante a expedición que cinco mozos de arredor de vinte anos levaron a cabo no ano 1985. A viaxe partiu do Pedregal de Irimia, en Pedregal de Irimia, punto tradicionalmente considerado o nacemento do Miño, e concluíu na desembocadura do río en A Guarda, tras percorrer os seus 317 quilómetros

a bordo de canoas construídas polos propios participantes.

Corenta anos despois daquela experiencia, os protagonistas recuperan imaxes, lembranzas e documentos para dar forma a unha exposición itinerante que percorrerá distintos municipios vinculados ao curso do río entre abril e novembro. Ademais das fotografías, a iniciativa inclúe un relato detallado da travesía e encontros abertos ao público cos que se pretende divulgar o patrimonio natural, histórico e cultural do principal río galego. Todo este material servirá tamén de base para a elaboración dun libro no que xa traballan os impulsores do proxecto.

A inauguración incluíu un coloquio e abordouse tamén a posible declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Abre o prazo para o Campamento de Verán e o servizo Madruga Verán

O Concello de Portomarín abre o prazo de solicitudes para o Campamento de Verán e o servizo Madruga Verán, dúas propostas dirixidas á conciliación e ao lecer infantil durante os meses estivais. As actividades desenvolveranse de luns a venres, cun servizo de madrugadores entre as 08:30 e as 10:00 horas e un programa de actividades entre as 10:00 e as 15:00 horas. A iniciativa está destinada a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos.

A entrega e recollida da rapaza da realizarse no Espazo Xuvenil, que funcionará como punto de referencia para o desenvolvemento da actividade. O prazo de solicitudes permanecerá aberto ata o 8 de xuño.

O Concello de Portomarín impulsa esta iniciativa como parte da súa oferta de servizos estivais para as familias do municipio.

O Espazo Xuvenil de Portomarín será o punto de entrega e recollida dos participantes.

PORTOMARÍN: Pablo Rivas Folgueira

“Son alcalde porque quero e porque confiaron en min”



O rexedor, que colleu o bastón de mando en 2021 despois de que Juan Carlos Serrano deixara a política, pon en valor os proxectos de conciliación familiar desenvolvidos no municipio e pon o foco na creación de vivenda para as familias

DATOS

HABITANTES: 1.286.
PARROQUIAS: 9.
EXTENSIÓN: 110 km².
PARTIDO XUDICIAL: Chantada.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP, 3 do PSOE.
ALCALDE: Pablo Rivas Folgueira.
VOCEIRO PSOE: Sergio Vázquez.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Para nada foi algo planificado, foi algo que xurdiu de rebote por axudar aquí ao anterior alcalde e á anterior corporación, que eran amigos meus. Pouco a pouco vas vendo como é isto, axudar aos veciños e facer algo polo pobo, ata acabar sendo alcalde.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Hai dúas lexislaturas que me unira á candidatura do Partido Popular coa anterior corporación e quería colaborar no proxecto. Metéronme nunha lista e fun asumindo responsabilidades. Despois, estiven de tenente de alcalde, cun traballo máis diario, ata que o alcalde deixou a

política e quedei eu como alcalde. Para min, gañar as eleccións de 2023 foi un orgullo, porque ademais melloramos os resultados. Foron as miñas primeiras eleccións coas miñas propostas e sendo a cabeza visible da candidatura. Afronteinas con tranquilidade, porque tiñamos un proxecto claro e tratamos de trasladárllelo aos veciños, apoialos e asumir esa responsabilidade diaria.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

O certo é que ningún; son alcalde porque quero e porque confiaron en min. Sarna con gusto non pica. Estou moi contento. Na vida persoal hai cambios, tes que estar pendente as 24 horas, pero intento facer o mesmo que me gustaría que fixesen por min.

E beneficios?

Vexo máis beneficios. Estou facendo algo que me gusta e é un orgullo ser o alcalde do lugar onde nacín e onde vivo.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Case non hai distinción entre vida pública; é un conxunto de todo: es alcalde e veciño 24 horas, non vexo diferenza entre unha cousa e outra, e hai que intentalo levar o mellor posible.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Obxectivos a nivel político é seguir traballando por Portomarín, mantendo as cousas que estamos facendo ben, como son as oportunidades de traballo e actividades para os veciños. Portomarín é un dos concellos con maior renda per cápita, e é un orgullo. E, logo, poñerse obxectivos a curto prazo, como a creación de vivenda para a xente nova. En definitiva, seguir



apostando polos nosos puntos fortes e seguir mellorando.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Queremos seguir na liña de tratar de crear vivenda para as familias de Portomarín, que é un pouco o que falta actualmente. Tratamos de crear oportunidades para a promoción privada ou pública para que poida haber esa oferta que agora mesmo falta.

Cales son as principais liñas do seu programa?

As liñas de actuación que adoitado seguir sempre son, por unha banda, a promoción turística de Portomarín. Por outra banda, seguir apostando polo rural, porque moitas veces asociamos o turismo de Portomarín ao Camiño de Santiago, pero dous terzos da poboación de Portomarín vive do rural, da gandaría, da agricultura, entón debemos seguir apostando por mellorar as infraestruturas dos 110 quilómetros cadrados de Portomarín. E, por outro lado, unha liña na que destacamos bastante é seguir mellorando a conciliación familiar. Somos un dos concellos pioneiros da contorna en todos os programas de conciliación familiar, tanto para familias, nenos e maiores, para todos.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

As principais necesidades son a falta de vivenda para as familias e a creación dunha potabilizadora e dunha depuradora que

atenda as necesidades actuais do pobo, que se multiplicou por 10 desde a creación das instalacións que temos actualmente, que xa están un pouco obsoletas.

“Debemos seguir apostando por mellorar as infraestruturas dos 110 quilómetros cadrados de Portomarín”

De que proxectos se sente máis orgulloso?

De todos os programas de conciliación familiar, para nenos e adultos, que sempre tiveron moi boa acollida e con eles cubrimos unha necesidade moi grande das familias traballadoras de Portomarín. Todos estes programas e actividades afectan directamente ao benestar e á calidade de vida dos veciños, igual que outras grandes obras que tamén se fan e que son necesarias, pero o máis importante é tratar de mellorar o benestar das familias.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde? Gústame que me vexan como unha persoa próxima, que os atende e que se preocupa das súas necesidades.

Como é a súa relación coa oposición?

Ben no persoal, e no político é unha relación cordial.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
36, solteiro, sen fillos
- **Profesión e formación**
Arquitecto técnico e gandeiro
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Arquitecto técnico
- **Que quería ser de maior?**
Arquitecto
- **Que fai para desconectar?**
Atender á gandaría, vir á explotación familiar faime desconectar e axúdame bastante
- **Unha virtude e un defecto**
Habería que preguntarlle aos veciños
- **Un consello para compartir**
Que sexan felices
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Non son amante da lectura nin do cine, e gústanme Los Suaves

- **Unha afección**
Montar a caballo
- **Un lugar que visitar**
Portomarín
- **Unha comida e unha bebida**
O cocido e unha caña
- **Unha personaxe admirada**
Meus pais
- **Unha posesión prezada**
Non son moi materialista
- **Un desexo**
Que aos meus non lles falte de nada
- **Algo para esquecer**
Nada, de todo se aprende
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A súa honestidade e lealdade
- **Un desafío pendente**
Facer o Camiño de Santiago a caballo
- **Onde se ve en cinco anos?**
En Portomarín

pol

Abre o prazo para avisar das fogueiras de San Xoán



O Concello de Pol informou da apertura do prazo para comunicar a realización de fogueiras con motivo da celebración de San Xoán 2026. Segundo recolle o bando emitido pola Alcaldía, as persoas interesadas deberán presentar a correspondente comunicación municipal ata o 22 de xuño en horario de 9.00 a 14.00 horas.

O anuncio, asinado polo alcalde-presidente do municipio, Lino Rodríguez Ónega, establece que para tramitar a comunicación será necesario facilitar os datos da persoa responsable da fogueira, incluíndo nome e apelidos, número de DNI, enderezo de re-

sidencia e a localización exacta onde se vai realizar a queima.

Desde o Concello explican que toda a información recollida será remitida posteriormente ao Distrito Forestal de Vilalba para o seu coñecemento, co obxectivo de garantir un adecuado control destas celebracións tradicionais e velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de incendios.

A administración local lembra así a importancia de realizar este trámite previo para poder celebrar as fogueiras de San Xoán dentro das condicións establecidas e con todas as garantías de seguridade.

Impartida unha charla sobre o mercado de carbono no sector



O BNG de Pol organizou unha charla informativa baixo o título 'Novas oportunidades no sector forestal: o mercado do carbono CO₂', que contou coa participación da deputada do BNG, Montse Valcárcel, e a portavoz municipal, Branca Fernández. A charla abordou cuestións prácticas como o significado dun crédito de carbono, os tipos de proxectos forestais que poden encaixar no sistema galego. Tamén se explicaron os límites e cautelas que cómpre ter en conta, xa que se trata dun mercado en desenvolvemento que pode xerar oportunidades complementarias,

pero que require rigor, boa xestión forestal e dimensión suficiente dos proxectos para resultar viable.

A charla ofreceu información útil e comprensible para persoas sen coñecementos previos e para quen segue de preto a evolución do sector forestal e das políticas climáticas. O obxectivo foi contribuir a un debate informado sobre como converter a boa xestión do monte nun recurso económico complementario, desde unha visión realista, ligada á sustentabilidade, á prevención de incendios e á creación de valor engadido no propio territorio.

rábade

Goberno e oposición pelexan pola autoría da petición dunhas obras

O voceiro do PSdeG, Alejandro Martínez, mantivo unha reunión de traballo coa presidenta da Deputación, Carmela López, para trasladarlle dúas demandas prioritarias: a renovación da rúa Bautista Núñez Varela e novas intervencións nas instalacións do campo de fútbol municipal.

Durante o encontro, Martínez solicitou a colaboración da institución provincial para acondicionar a rúa Bautista Núñez, unha vía que presenta un importante deterioro no firme e na sinalización, polo paso de vehículos pesados vinculados á actividade empresarial da contorna. Segundo explicou, trátase dunha demanda trasladada dende hai tempo pola veciñanza e dunha obra necesaria para reforzar a seguridade viaria.

“O que lle trasladamos á Presidenta é a necesidade de mellorar o firme, repoñer a sinalización e avanzar nunha solución estable para ordenar o tráfico pesado. O obxectivo é evitar que esta rúa siga deteriorándose polo paso de vehículos que non deberían circular por ela”, sinalou o voceiro socialista.

Martínez valorou a disposición da Deputación para colaborar nesta intervención e defendeu a conveniencia de estudar un convenio de cesión ao Concello, de maneira que a administración local poida regular o tráfico pesado. “Agardamos que o Partido Popular traballe para ordenar esta situación, porque falamos dunha cuestión que afecta directamente á seguridade viaria de Rábade”, apuntou. Outro dos asuntos abordados foi a necesidade de seguir mellorando as instalacións do campo de fútbol municipal. O voceiro socialista lembrou que a institución provincial xa financiou proxectos importantes neste espazo, con 200.000 euros para a renovación integral do campo e 58.000 euros para a construción dos novos vestuarios, e trasladou a importancia de seguir completando un equipamento fundamental para os clubs, os equipos e a mocidade do municipio.

O representante socialista destacou que os principais investimentos que recibiu Rábade nos últimos anos chegaron da man dos gobernos progresistas do Estado e da Deputación, fronte á falta de actuacións da Xunta



de Galicia do PP. Neste sentido, lembrou os preto de 700.000 euros mobilizados pola institución provincial para vías e infraestruturas, así como os máis de 710.000 euros do Executivo central para a nova pasarela peonil.

“Cada vez queda máis claro que as obras importantes que chegan a Rábade veñen da man dos gobernos progresistas. Fronte a isto, a Xunta leva anos sen deixar ningunha actuación de calado no noso municipio. Ese é o legado do PP en Rábade: ningunha inversión relevante e ningunha resposta ás necesidades da veciñanza”, criticou.

ABANDONO DO PLENO. O voceiro do PSdeG en Rábade, Alejandro Martínez, abandonou o Pleno municipal despois de que a alcaldesa e o grupo de goberno do PP impedisen o debate e a votación da moción socialista sobre a mellora das instalacións deportivas municipais.

O PSdeG denuncia que o PP converteu “de forma arbitraria” a moción rexistrada polo Grupo Socialista nun rogo, unha manobra que “só busca evitar o debate e impedir que o PP teña que votar en contra dunha proposta boa para Rábade e para a veciñanza”. “É unha trampa política e un acto de covardía. A moción estaba presentada en prazo, e se o Goberno local consideraba que faltaba algún requisito formal tiña a obriga de comunicalo antes. Non o fixeron porque non hai boa fe: hai vontade de silenciar á oposición”, denunciou o voceiro socialista.

Martínez lembrou que o artigo 9.2 da Constitución Española obriga os poderes públicos a facilitar a participación da cidadanía na vida política, polo que considera que esta actuación “vulnera os dereitos de representación da veciñanza de Rábade” e supón

“unha nova mostra de autoritarismo” por parte da alcaldesa. Martínez fixo fincapé na responsabilidade da alcaldesa no estado actual destas instalacións, froito da falta de mantemento e da mala xestión do Goberno local.

GOBERNO LOCAL. Pola súa banda, o Goberno local emitiu un comunicado no que expresa a súa sorpresa pola actitude do PSOE e cuestiona o momento elixido para presentar determinadas peticións á Deputación de Lugo. Segundo sinala o executivo municipal, resulta “moi sorprendente” que os socialistas formularan agora unha solicitude á institución provincial despois de tres anos sen realizar este tipo de reclamacións.

O Goberno local asegura que durante o anterior mandato solicitou reunións en numerosas ocasións co anterior presidente da Deputación sen obter resposta. Ademais, indica que a coincidencia das demandas formuladas polo PSOE coas cuestións que a alcaldesa prevé abordar nunha próxima reunión coa nova presidenta provincial resulta “moi chamativa”. Neste sentido, afirma que, tras conseguir unha cita coa nova presidenta da Deputación e trasladarlle previamente por correo electrónico os asuntos que se ían tratar, o PSOE presentou ao día seguinte eses mesmos temas tanto a través da prensa como mediante unha moción no pleno municipal. Desde o executivo local sosteñen que os socialistas non fixeran ningunha destas peticións nos últimos tres anos e consideran que agora “converten en propias” as reclamacións impulsadas polo Goberno municipal xusto antes da reunión institucional prevista.

O comunicado conclúe cun rogo dirixido ao PSOE para que mostre “máis respecto e empatía cos veciños e veciñas de Rábade”.

Haberá tres quendas de campamento durante este verán



O Concello celebrará no meses de xullo e agosto tres campamentos de verán repartidos entre a capitalidade e Castro Ribeiras de Lea. Volve o campamento urbano en tres quendas para rapaces de 3 a 14 anos. Así, a primeira será do 1 ao 15 de xullo, outra do 16 ao 31 do mesmo mes e rematarán do 17 ao 31 de agosto.

Esta actividade terá un horario de 8.30 a 14.00 horas e desenvolveranse actividades de deporte, animación, contacontos e animación á lectura, obradoiros, educación ambiental, excursión ao Aquapark de Cereda, etc. As inscricións poden facerse ata o 26 de xuño.

Aprobado o orzamento de 5,4 millóns de euros para o ano 2026

O Concello de Castro de Rei contará en 2026 cun orzamento de 5.435.265,51 euros, aprobado en pleno co apoio do equipo de goberno e a abstención dos grupos da oposición. As contas municipais contemplan un importante esforzo investidor, cunha partida que alcanza os 696.865,62 euros para a execución de diferentes actuacións en infraestruturas, servizos e equipamentos públicos. Segundo explicou o alcalde, Francisco Balado, unha parte destacada dos investimentos destinarase á mellora da accesibilidade, a sinalización e a xestión de residuos no conxunto histórico e artístico do municipio, cun investimento próximo aos 163.000 euros e unha achega de 100.000 euros procedente de Agader.

O orzamento tamén reserva arredor de 220.000 euros para dous proxectos de mellora viaria en diferentes parroquias do concello, financiados parcialmente pola Deputación de Lugo. As actuacións desenvolveranse en núcleos como Prevesos, Castro de Rei, Santa Locaia, Bazar, Outeiro, Ramil, Ansemar, Loentia, Orizón, Duarría e Mondriz.

Entre as obras previstas figura tamén o acondicionamento de beirarrúas na Praza de Galicia, cun investimento superior aos 54.000 euros, así como a reparación da Ponte do Muíño de Reguntille, actuación que contará con apoio provincial.



As contas municipais inclúen ademais partidas para mellorar os accesos e a sinalización en distintos núcleos rurais, ampliar a rede de abastecemento de auga en Mondriz, Viladonga e Triabá, e renovar o alumeadado público mediante a instalación de 51 luminarias LED e oito novos puntos de luz en Ponte de Outeiro e Bazar.

O Concello tamén destinará fondos á adquisición de camas xeriátricas para a residencia San Xoán e á me-

llora do parque infantil de Castro, entre outras actuacións previstas para o exercicio.

No apartado de transferencias correntes, o orzamento recolle máis de 800.000 euros destinados á escola infantil, á atención á dependencia e ao Servizo de Axuda no Fogar. Desta cantidade, máis de 700.000 euros proceden da Xunta de Galicia para programas relacionados coa dependencia e a escola infantil, mentres que a Deputación achega recursos para o SAF básico e outros servizos. O alcalde destacou a ausencia de débeda municipal e a existencia dun equilibrio orzamentario, aínda que advertiu da necesidade de revisar algunhas taxas municipais.

Xosé Lois Ledo gaña un premio de AGAPI



A Asociación Galega de Productoras Independentes (AGAPI) acordou conceder o V Premio de Honra Dolores Ben a Xosé Lois Ledo, en recoñecemento á súa traxectoria profesional e ao seu labor na defensa do audiovisual galego.

Entre os seus traballos máis destacados figuran, como director de produción, os filmes *Santa Liberdade*, *Liste, pronunciado Lister* e *A cicatriz branca*. Tamén foi produtor executivo e director do documental *Bestas*, seleccionado para participar no Festival de Cine de Málaga 2002. No ámbito televisivo participou nas series *O corpo da alma* e *Imos de viños*, ademais dos documentais *Inmigrantes no país da emigración*, *O país dos mistos* e *O Garabelo*.

Galicia rexistrou máis de 12.800 raios no que vai de ano

A Rede de detección de raios de MeteoGalicia contabilizou no que vai de ano un total de 12.825 raios, o que supón o 80 % de todos os rexistrados durante o pasado 2025.

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, fixo fincapé en que o 42 % dos raios rexistrados este ano -5.371- caeron entre o venres 22 e o luns 25 de maio e, ademais, ese venres e o domingo 24 foron as xornadas con máis raios de todo o ano. Pola contra, segundo explicou a conselleira, "no mes de marzo non caeu nin un só raio". A conselleira indicou que o que aconteceu é que se deron as circunstancias perfectas para que se produciran esas treboadas: aire moi cálido en superficie procedente do norte de África -como quedou demostrado pola presenza de partículas de polvo sahariano en suspensión- e frío en altura nas capas medidas e



altas da atmosfera.

Desde o punto de vista xeográfico, a provincia de Lugo foi a que rexistrou un maior número destes fenómenos meteorolóxicos. De feito, é a provincia con máis raios rexistrados desde que hai rexistros de datos, en 2011. Nese senso, Ángeles Vázquez puxo como exemplo que o 46 % dos raios caídos o pasado ano en Galicia concentráronse na provincia de Lugo.

Isto débese a que o interior de Galicia e as zonas con máis oro-

grafía son as máis proclives a sufrir treboadas porque as temperaturas, polo xeral, son máis altas. Ademais, entre as zonas montañosas de Lugo e Ourense, as primeiras hai máis tormentas porque é máis doado que o aire teña humidade pola súa proximidade ao Cantábrico.

Nesa liña, a conselleira puxo en valor a información que facilita a Rede de detección de raios de MeteoGalicia, que conta con catro estacións, unha delas en Castro de Ribeiras de Lea.

Melloran a accesibilidade ao centro de saúde



O Concello de Castro de Rei executa obras de mellora de accesibilidade nos accesos ao Centro de Saúde de Castro de Rei por importe de 27.510,96 euros con cargo a unha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por importe de 14.756,87 euros.

As obras consisten na nivelación e ampliación da pavimentación na parte frontal do edificio, deixando os dous accesos á mesma cota, pavimentación accesible dende a parte baixa da parcela e nova execución de

dous chanzos na parte alta con varamda de acceso ás instalacións.

O obxectivo é facilitar os accesos dende as beirarrúas, prevendo ademais a aparición de dúas pequenas zonas para futuro axardinamento en contacto coa beirarrúa existente, obras que supoñen unha mellora respecto da situación existente na que a accesibilidade se producía a través dun chanzo, e con unha pavimentación de diversos materiais que se atopaban nun estado de deterioro.

o corgo

Adai celebra a Feira da Raza Rubia Galega e o VI Torneo Feira de billar



A parroquia de Adai converterase os días 13 e 14 de xuño nun dos principais puntos de encontro do sector gandeiro e do lecer da comarca coa celebración do XXXIX Concurso CV Poxa Nacional da Raza Rubia Galega e do VI Torneo Feira de Adai de billar. A cita gandeira, organizada por ACRUGA xunto co Concello do Corgo, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e o Goberno de España, reunirá reses de distintas explotacións e contará cunha gran afluencia de público. O evento volverá situar a Adai como referente na promoción da raza Rubia Galega, unha das principais razas autóctonas de Galicia.

Coincidindo con esta celebración, o Club Billar Adai organizará a sexta edición do Torneo Feira de Adai, unha competición que se desenvolverá no marco das tradicionais

feiras da parroquia. O torneo celebrárase coincidindo coa Feira da Raza Rubia Galega o 13 de xuño e coa Feira do Cabalo o día 14.

A competición disputárase na modalidade de bola-9, con partidas ao mellor de seis xogos gañados, ampliándose a sete nas eliminatorias directas. A organización limitará a participación a un máximo de 48 xogadores, aínda que, no caso de non alcanzarse os 32 inscritos, o torneo desenvolverase durante a xornada do sábado. Ademais, o club celebrará o seu tradicional Break&Run de final de tempada, no que se realizarán sorteos sucesivos ata repartir a totalidade do bote acumulado, que nesta edición supera os 1.000 euros. Entregaranse premios aos 8 primeiros clasificados e trofeos para os 4 mellores xogadores do torneo.

guntín

O CampaGuntín xa ten aberto o prazo de inscrición para apuntarse

O Concello de Guntín volverá ofrecer este verán unha alternativa de ocio educativo para a infancia coa posta en marcha de CampaGuntín, un obradoiro infantil que se desenvolverá entre o 29 de xuño e o 28 de agosto e que busca combinar diversión, aprendizaxe e convivencia durante o período estival. A actividade está dirixida a nenas e nenos a partir de 3 anos e terá como escenario principal o Pavillón Municipal, onde os participantes poderán desfrutar cada mañá dun amplo programa de actividades adaptadas ás diferentes idades.

Durante as xornadas organizaran-

se propostas deportivas, xogos ao aire libre, actividades recreativas, visitas ao parque, sesións de piscina e outras iniciativas orientadas a fomentar hábitos saudables, a creatividade e a socialización entre os máis pequenos.

O campamento desenvolverase en horario de 10:00 a 14:00 horas e contará cun sistema de inscrición semanal, o que permitirá ás familias adaptar a participación ás súas necesidades de conciliación durante os meses de verán.

As persoas interesadas poden obter máis información e formalizar as inscricións a través do teléfono 982 32 00 01.

castroverde

O antigo lavadoiro de Souto de Torres será rehabilitado

O Concello de Castroverde acometerá proximamente as obras de rehabilitación do antigo lavadoiro de Souto de Torres cun investimento integramente municipal de 29.972,18 euros. A actuación permitirá recuperar un dos elementos tradicionais da parroquia e contribuir á posta en valor do patrimonio. O vello lavadoiro, situado a pé do Camiño Primitivo, lucirá unha nova imaxe tras a intervención prevista polo goberno local. O proxecto busca conservar este espazo de carácter histórico e mellorar o seu estado para favorecer o desfrute da veciñanza e dos peregrinos e visitantes que percorren esta ruta xacobeá. Desde o Concello destacan que a recuperación deste tipo de infraestruturas tradicionais contribúe á protección do patrimonio etnográfico e á mellora da contorna do municipio, especialmente nun enclave vinculado ao paso do Camiño de Santiago.



MELLORAS NA MOBILIDADE. A Deputación de Lugo investirá tamén 250.000 euros para levar a cabo actuacións de mellora da mobilidade, acondicionamento de espazos públicos e dotación de novas infraestruturas deportivas.

Así, acondicionaranse camiños rurais nas aldeas de Abelleira e Serés, e mellorárase o pavimento nunha

vía de Pereira e en varias estradas de Covelas, co obxectivo de mellorar a conectividade e o acceso en distintas zonas do municipio.

Ademais, contéplase a pavimentación do Campo da Festa e a instalación dunha pista deportiva para a práctica do fútbol sala, ampliando así a oferta de espazos de uso veciñal e deportivo en Castroverde.

O BNG de Castroverde critica que as piscinas abran un mes menos este ano

O Concello de Castroverde anunciou que as piscinas municipais permanecerán abertas do 1 de xullo ao 31 de agosto, en horario continuo de 12:15 a 20:00 horas, para uso e desfrute da veciñanza e das persoas visitantes. Tras coñecerse estas datas, o BNG de Castroverde denunciou que o período de apertura se reduce nun mes respecto a anos anteriores, unha decisión que, segundo a formación nacionalista, supón un recorte dun servizo público moi utilizado pola poboación.

A portavoz do BNG en Castrover-

de, Iria Castro, cuestionou a medida ao considerar que chega nun momento no que as previsións apuntan a novos episodios de calor intensa. Segundo indicou, resulta difícil comprender que as administracións non reforcen os recursos públicos destinados a facer fronte ás consecuencias do cambio climático e ás cada vez máis frecuentes ondas de calor.

Desde a formación nacionalista lembran que as piscinas municipais non son unicamente un espazo de lecer, senón tamén un servizo público cun importante papel social,

deportivo e de benestar para a veciñanza. Neste sentido, Castro destacou que moitas familias atopan nestas instalacións unha alternativa accesible para combater as altas temperaturas durante o verán.

O BNG lamentou ademais que o Goberno municipal non ofrece explicacións sobre os motivos que xustifican esta redución do período de apertura. Segundo sinalou a portavoz nacionalista, a veciñanza perde un mes de servizo respecto a anos anteriores e merece coñecer as razóns que levaron á adopción desta medida.

Amigos do Patrimonio de Castroverde organiza unha ruta-homenaxe

A asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde celebrará o próximo 13 de xuño de 2026 unha nova edición da ruta Lembrando aos que nos deixaron, unha actividade que combina patrimonio, natureza e memoria colectiva.

A xornada comezará ás 9.30 horas na praza de Castroverde,

desde onde partirán os participantes cara á zona da Abelleira. A camiñada dará inicio ás 10.00 horas e percorrerá o itinerario A Abelleira–Furís–Arrubial–Igrexa de Páramo–Furís de Abaixo, permitindo aos asistentes descubrir distintos espazos de interese paisaxístico e patrimonial do municipio.

Tras o percorrido, os participantes compartirán un xantar de confraternidade previsto para as 14.00 horas en Furís de Abaixo, na casa de Cantiz.

O menú estará composto por empanada e lacón, nun encontro pensado para fomentar a convivencia entre as persoas asistentes.

CASTROVERDE: Xose María Arias

“Imos elaborar un proxecto para poñer en valor o castelo”



Con case 30 anos á fronte do Concello de Castroverde, o alcalde destaca que se sente orgulloso de todos os proxectos levados a cabo e espera “ser o alcalde de Castroverde nas próximas eleccións” para “seguir traballando polos veciños”.



DATOS

HABITANTES: 1.286.
PARROQUIAS: 37.
EXTENSIÓN: 173,5 km².
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PSOE, 4 do PP e 1 do BNG.
ALCALDE: Xosé María Arias.
VOCEIRO PP: Pablo Figueiras.
VOCEIRA BNG: Iria Castro.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Levo en política desde os 16 anos e sempre fun unha persoa de esquerdas e vinculada á loita do campo. Non me gusta como está o rural en Galicia nin como se xestionou por parte do Goberno autonómico. Non hai industrias en Galicia e Galicia é un asilo, xa que o 35 % da poboación ten máis de 70 anos. O país está desgastado por culpa dos gobernos do PP, que só fan políticas para manterse no poder, pero non para crear un país rico e próspero. Quizais sexa demasiado tarde; o país esmorece e os alcaldes locais pouco poden facer se non existe unha política xeral desde a autonomía que dirixa un pouco o sector agrario e o sector forestal, porque o campo morre.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Desde o ano 1987 estou na política local e no ano 1997 conseguín ser alcalde. Traballamos con ilusión e teño que estar moi agradecido á xente, que é a que valora o traballo que fas e do que te sentes orgulloso. Fixéronse cousas moi importantes que a xente agradece.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Estar en política non é obrigatorio; cada un pode marchar cando queira ou os veciños poden mandarte para a casa. Todo na vida ten sacrificios.

E beneficios?

Estar dirixindo o teu concello, do que te sentes orgulloso, e contar co apoio dos veciños cando fas cousas, así como recibir críticas cando non lles gustan, forma parte do cargo. Hai que discutir, dialogar e non pido que me aplaudan, pero hai que afrontar e aceptar as críticas.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Teño unha gandaría pequena e compatibilizo iso con isto, e vouno levando. A min coñéceme todo o mundo, vivo aquí e estou cos veciños.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Non son con grandes aspiracións políticas, o partido agora mesmo a nivel Galicia e provincia non me gusta, pero a miña aspiración política é ser o alcalde de Castroverde nas próximas eleccións, seguir aquí e traballando polo meu concello.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Seguir traballando no medio rural, no campo e na vila, con moitas actuacións e melloras, como arranxar as estradas, mellorar os servizos públicos e continuar con todo o que estamos facendo. Pero un dos grandes obxectivos é, agora que compramos o castelo, que por fin é noso; imos poñer en marcha un

proxecto e iniciar un proxecto arqueolóxico. Iso non quere dicir que vaíamos arranxalo todo mañá, hai que ser sinceros. Hai que empezar polas bases, cun proxecto arqueolóxico que pode incluír escavacións, segundo o que digan os técnicos e os arqueólogos, sempre coa autorización de Patrimonio e sempre con coherencia. Pero creo que é o noso símbolo en pleno Camiño de Santiago e tamén forma parte do noso patrimonio. Agora somos propietarios, os veciños de Castroverde, dese castelo e imos traballar nel. Ese é un dos obxectivos marcados. Tamén queremos seguir incrementando a implantación de empresas no polígono industrial e continuar facendo todo o que se poida por Castroverde.

Cales son as principais liñas do seu programa?

A principal era a de conseguir que o castelo fora dos veciños de Castroverde, conseguímos que o último propietario firmase hai 4 meses e xa está o obxectivo cumprido. De aquí para diante haberá que darlle forma a isto.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Eu creo que un dos obxectivos deste concello, que é un concello agrícola e gandeiro moi importante, é solucionar unha situación que é triste: ver que os veciños teñen que alugar terras a 20 quilómetros e que non hai unha ordenación do territorio. Aquí necesitamos plantar eucalipto, pero tamén precisamos terras agrarias. E iso é un problema. Pero é un problema en Galicia e tamén é un problema aquí. Porque o minifundio non o permite, e moita xente acaba abandonando. Eles teñen o seu dereito a plantar eucalipto, pero xa hai propostas que non son capaces de resolver esta situación. Iso ten que saír da Xunta de Galicia. Hai que facer concentracións parcelarias que non se fixeron. Iso sería bo para o sector forestal e tamén para o sector

agrario, para non ter mesturado o monte coa leira. Incluso sería positivo para a prevención dos incendios forestais; serve para todo. A xente ten que explotar o monte e a xente ten que vivir do agro, que é moi importante. No sector gandeiro hai moitas explotacións de carne e de leite que se sustentan mal por mor do minifundio existente.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

De todos en xeral. A xente ve ben o que facemos, non fai falta sacar fotos nin poñer carteis. A xente dos pobos das 36 parroquias ve que intentamos actuar en todas elas con criterios sempre obxectivos de mellora das pistas, dos camiños, dos barrios, dos núcleos e de todo en xeral. Sentímonos orgullosos de ver que a xente necesita algo e que podes actuar e facelo. Para min, todas as obras son importantes. O importante é que os veciños as valoren e as vexan. Podemos facer cousas mal, non todas van estar ben feitas nin van gustar a todo o mundo, pero o que facemos a xente ve ben.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Eu creo que ven que son unha persoa próxima. Eu mesmo atópome con eles no bar, na rúa, no camiño, no concello ou na estrada. Creo que esa proximidade os veciños sempre a atoparon en min. Eles son os que valoran cada certo tempo o que queren. Cada catro anos hai unhas eleccións e son os veciños os que valoran a proximidade, as obras, as actuacións e todo aquilo que consideren importante. Tamén se expresan na rúa, exprésanse no bar e despois exprésanse nas urnas. Cada un ten que ser consecuente co que veña.

Como é a súa relación coa oposición?

A miña relación coa oposición é boa. Temos as nosas discrepancias e as nosas discusións nos plenos. En xeral, ben.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
59, casado, 1 fillo
- **Profesión e formación**
Gandeiro
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Político
- **Que quería ser de maior?**
Grande
- **Que fai para desconectar?**
Cazar
- **Unha virtude e un defecto**
Son directo e preguiceiro
- **Un consello para compartir**
Que utilicen as redes sociais para facer o ben, porque son moi útiles, pero fan moito dano
- **Un libro, unha película ou/ un grupo de música/cantante**
‘Polos fillos dos fillos’, de Manuel Sarille; ‘El bueno, el feo y el malo’; e Freddy Mercury
- **Unha afección**
A caza

- **Un lugar que visitar**
Castroverde
- **Unha comida e unha bebida**
O churrasco e un cubata
- **Unha personaxe admirada**
Os meus pais
- **Unha posesión prezada**
O meu coche
- **Un desexo**
Tendo en conta que o mundo está volvendo 50 anos atrás, hai que repensar moitas cousas e ler Historia
- **Algo para esquecer**
A Guerra Civil
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
Que sexa directa e honesta
- **Un desafío pendente**
Recuperar o Castelo para todos os veciños
- **Onde se ve en cinco anos?**
Espero que en Castroverde e con saúde

O asociacionismo feminino impulsa a vida no rural

Unha rede de máis de 500 asociacións de mulleres rurais repartidas por todo o territorio traballa pola convivencia, a participación e o empoderamento

As mulleres no medio rural galego desempeñan un papel esencial na organización social, económica e comunitaria dos territorios nos que viven. Historicamente, foron o motor das aldeas, contribuíndo de maneira decisiva, aínda que non sempre valorada, á dinamización da vida comunitaria e á creación e mantemento do tecido social. Este papel, lonxe de desaparecer, continúa a ter unha grande importancia na actualidade, especialmente a través do desenvolvemento do asociacionismo feminino, que se converteu nunha ferramenta clave para a convivencia e o empoderamento das mulleres no medio rural, e que nos últimos anos está a experimentar un certo incremento, no que teñen moito peso as novas xeracións.

En Galicia, existen máis de 500 asociacións de mulleres rurais repartidas por todo o territorio, sendo a provincia de Ourense a que reúne a maior cantidade, con máis de 200 asociacións rexistradas segundo as listaxes oficiais, seguida por Pontevedra, con 193, Lugo, con 80 e A Coruña, con 77.

Coordinación e apoio desde as federacións

Neste contexto, as federacións, como é o caso de FADEMUR, desempeñan un papel fundamental, xa que permiten agrupar e coordinar o traballo das distintas asociacións, fomentando o asociacionismo e tecendo unha rede organizada que conecta diferentes realidades locais baixo uns mesmos principios comúns. Ademais, desde a federación proporciónase asesoramento administrativo e burocrático, desde a constitución legal das asociacións ata a xestión de estatutos, subvencións ou trámites bancarios.

Pero a súa labor vai máis aló, promovendo tamén actividades conxuntas que permiten reforzar a identidade común do movemento, como foros de igualdade, encontros entre federacións e a celebración de datas significativas como o 8 de marzo, o 25 de novembro ou o Día da Muller Rural. Ademais, en 2020 FADEMUR publicou

un estudo incluído no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero titulado "Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural", co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación das mulleres rurais en relación coa igualdade e a violencia machista. O estudo levouse a cabo en sete comunidades autónomas (Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura, Galicia e A Ríoxa), seleccionadas polo seu grao de ruralidade e dispersión, entrevistando a decenas de mulleres e profesionais en municipios de ata 20.000 habitantes. Entre as súas principais conclusións, as enquisas puxeron de manifesto que factores como o illamento ou a escaseza de servizos especializados de atención e protección no medio rural poden incrementar a vulnerabilidade das mulleres rurais fronte á violencia de xénero. Por iso, o asociacionismo cobra un papel fundamental como rede de apoio, ao ofrecer espazos de acompañamento e reducir o illamento.

Xunto ás tarefas organizativas, tamén se desenvolven programas sociais e educativos en centros de primaria e secundaria, así como proxectos dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade ou con necesidades de inserción laboral. Estes programas complétnanse con obradoiros específicos, como os de sexualidade, que se levan a cabo en distintas asociacións segundo as necesidades e demandas de cada territorio.

Así, tanto a nivel federativo como



desde as propias asociacións, búscase dar visibilidade ás mulleres do medio rural en todos os ámbitos da vida. A través de distintas iniciativas, como obradoiros ou cursos, búscase impulsar a mellora do emprego entre as mulleres, así como o emprendemento e o empoderamento, fomentando a súa independencia económica. A súa labor estrutúrase en diferentes liñas de acción que procuran mellorar as condicións de vida das mulleres e reforzar o seu papel como axentes clave do desenvolvemento rural, a través de distintas iniciativas adaptadas á realidade de cada vila.

Espazos de socialización para romper o illamento

Pero de todas as accións que se levan a cabo desde este tipo de asociacións, a labor máis importante é a de socialización, ofrecendo ás mulleres espazos propios de encontro e socialización. Tradicionalmente, as mulleres do medio rural non contaban con lugares de lecer equivalentes aos dos homes, como podía ser o bar ou outros espazos informais de reunión. Esta ausencia de espazos específicos levou á creación de estruturas propias nas que as mulleres puidesen atoparse, compartir experiencias e

construír vínculos sociais. Por iso, as asociacións funcionan como puntos de encontro fundamentais, nos que se rompe coa rutina diaria e se favorece a convivencia entre as veciñas das aldeas, que atopan nelas un lugar de espaxamento e lecer, pero tamén de comunidade. Estes espazos non só teñen unha función recreativa, senón que fomentan a convivencia diaria e a participación en actividades comúns, reforzando os lazos entre as mulleres dunha mesma localidade e fomentando a cohesión social das comunidades rurais. Por iso, este tipo de asociacións non só repercuten a nivel individual, senón que tamén teñen un forte impacto no benestar colectivo e na mellora da contorna.

As actividades que desenvolven estas asociacións son moi variadas e dependen de cada entidade concreta e das necesidades de cada territorio, pero todas elas comparten un elemento común: a creación de espazos de participación e convivencia.

Entre as actividades máis comúns levadas a cabo nestas organizacións atópanse propostas como ximnasia, obradoiros de memoria, teatro, manualidades, alfabetización dixital, iniciativas culturais ou actividades relacionadas coa saúde, o envellecemento activo e

o autocoidado. Aínda que o contido de cada actividade pode ser diferente, o máis relevante non é tanto a actividade en si mesma, senón o espazo social que se xera arredor dela. Estes encontros permiten ás mulleres manter unha vida social activa, saír do illamento e fortalecer as súas redes de apoio. No ámbito económico e laboral, tamén se promoven iniciativas como a titularidade compartida das explotacións agrarias, así como o apoio ao emprendemento feminino no medio rural.

Un movemento en expansión

Segundo os datos de FADEMUR, nos últimos anos estase a rexistrar un aumento na creación deste tipo de asociacións, o que reflicte unha maior mobilización e participación das mulleres no ámbito rural. Aínda que non se pode falar dun crecemento explosivo, si existe unha continuidade e unha diversificación do movemento asociativo.

Ademais das asociacións de mulleres, tamén se integran ou colaboran entidades culturais, veciñais e produtoras, que buscan mellorar a súa situación e contribuír ao desenvolvemento do territorio, o que permite ampliar o alcance do asociacionismo e adaptar as respostas ás necesidades concretas de cada comunidade.

En conxunto, o asociacionismo feminino no medio rural convértese nunha ferramenta de organización social a través da que tecer redes de convivencia entre veciñas, fortalecendo a súa socialización e a súa participación na vida pública, transformando a vida comunitaria e creando espazos de confianza onde as mulleres poden falar e convivir libremente, impulsando novas formas de liderado feminino nos territorios rurais.

Neste contexto, desde o ano 2021 organízase no concello ourensán de San Xoán de Río o Congreso da Muller Rural, un espazo que busca poñer en valor o papel das mulleres rurais como axentes clave do desenvolvemento territorial, o liderado local, a innovación social e a cohesión comunitaria, e que cada ano recoñece a labor de alcaldesas, emprendedoras, traballadoras do sector primario, asociacións e demais mulleres que contribúen día a día a dinamizar e fortalecer o medio rural, impulsando a súa sustentabilidade social, económica e demográfica e garantindo a continuidade da vida nas comunidades rurais.



DEPORTES

“Hai que desfrutar do fútbol, pero o esforzo é innegociable”

O riotortense Andrés Castrín é do defensa central do Sevilla FC, un dos poucos lucenses que logrou xogar en Primeira dando o salto desde o CD Lugo, e que recentemente marcou o seu primeiro gol na categoría de ouro

O nome de Andrés Castrín xa forma parte da historia recente do fútbol galego. O centrocampista de Riotorto, nado Andrés López Gallo, viviu unha das noites máis especiais da súa carreira ao marcar o seu primeiro gol en Primeira División coa camiseta do Sevilla FC, nun triunfo por 2-1 fronte ao RCD Espanyol no estadio Ramón Sánchez-Pizjuán. O tanto, anotado no minuto 82, desatou a ledicia tanto da afección sevillista como do grupo de veciños e amigos desprazados desde Riotorto para acompañalo nun día inesquecible.

Formado nas categorías de base da Escola Deportiva Lourenzán e da canteira do CD Lugo, Castrín foi queimando etapas ata consolidarse como unha das promesas do fútbol lucense. Tras o seu paso polo Rácing Vilalbés e polo Polvorín FC, filial do Lugo, o central deu o salto ao Sevilla Atlético en 2024, iniciando unha progresión que agora o levou a debutar e marcar na elite do fútbol español.

Humilde, traballador e moi vencellado á súa terra, Andrés Castrín repasa nesta entrevista os seus comezos, a súa evolución deportiva e o orgullo de representar a Riotorto no máis alto do fútbol profesional.

Como foron os seus comezos no mundo do fútbol?

Empecei moi novo, na etapa benxamín ou prebenxamín, tiña tres anos. lembro que xogaba con meu curmán, que me levaba cinco ou seis anos. Despois entrei nas escolas deportivas de Lourenzán e alí comecei a compaxinar o fútbol sala co fútbol campo. Durante varios anos seguí practcando as dúas modalidades ata que, xa en idade infantil, decidín centrarme no fútbol campo e quedei en Lugo.

Como foi a súa evolución nas categorías inferiores?

No primeiro ano de infantil marchei para Viveiro e despois pasei ao Vilalbés, de cadete, onde estiven unha tempada cedido. Despois fun queimando etapas ata que entrei no primeiro equipo do Lugo. Máis tarde incorporeime ao Lugo, que foi un paso moi importante na miña carreira. Alí fun medrando como xogador e tamén como persoa.

E como xurdiu a oportunidade de fichar polo Sevilla?

Despois dunha boa tempada no filial do Lugo, na que cheguei a disputar 22 partidos co primeiro equipo en Primeira Federación. Foi unha boa tempada, con partidos de bastan-

te nivel e así xurdiu a oportunidade cando me comunican que me quere o Sevilla Atlético, que estaban buscando o ascenso a Primeira REF. Para min era unha oportunidade moi importante, tanto pola miña idade como polo salto que supuña a nivel profesional. O Sevilla apostou por min para o filial e vin claro que era o momento de dar ese paso.

Como valora a súa progresión desde a chegada a Sevilla?

O primeiro ano foi moi positivo. Xoguei máis de trinta partidos e o equipo quedou preto do play-off. Esta temporada xa puideron entrar na dinámica do primeiro equipo e estou moi agradecido pola confianza que me transmitiron os adestradores. Tanto Matías como Luis apoiáronme moito e eu intento aproveitar cada oportunidade.

Que significou para vostede marcar o seu primeiro gol en Primeira División?

Foi algo único, unha emoción tremenda. Ademais chegou nun momento moi importante para o equipo, nun partido crítico no que necesitabamos gañar. Aquel encontro marcou un pouco o inicio da remontada da temporada e para min quedará sempre como un dos



momentos máis especiais da miña carreira.

Segue mantendo relación coa túa terra e coa túa familia en Riotorto?

Si, por suposto. Sempre que nos dan dous ou tres días libres intento ir a casa. Meus pais seguen vivindo alí, tamén meu irmán, os meus amigos e toda a miña familia continúa en Riotorto. Sempre que podo regreso a Galicia porque para min segue sendo casa. Riotorto non o cambio por nada.

Gustaríalle volver a Galicia no futuro?

Nunca se sabe o que pode pasar no fútbol, pero cando remate esta etapa do fútbol gustaríame estar o máis preto posible da miña familia. Galicia sempre vai ser o meu lugar.

Pensa xa no seu futuro máis aló do fútbol?

Agora estou totalmente centrado na miña carreira deportiva, aínda que tamén estou mirando de continuar formándome, facendo estudos sobre todo no ámbito económico. Quero prepararme para o futuro, pero sen perder o foco no fútbol.

Como é a túa vida en Sevilla?

A verdade é que moi ben. A calidade de vida é espectacular. O máis complicado é a calor, sobre todo nestas épocas do ano, pero polo demais estou encantado.

Que lle diría aos nenos e nenas que soñan con chegar ao fútbol profesional?

Que teñan paciencia e que se centren en desfrutar e pasalo ben co fútbol. Hai que traballar moito e esforzarse sempre, porque o esforzo é innegociable. Logo as oportunidades poden chegar ou non, pero sen traballo é imposible que cheguen.

Que representa o CD Lugo?

O Lugo é a miña casa. Foi o club onde me formei, onde aprendín e onde comecei a crer verdadeiramente que podía cumprir este soño. Alí coñecín adestradores e compañeiros que me axudaron moitísimo. Grazas ao Lugo, hoxe podo vivir todas estas experiencias. Sempre vou estar agradecido ao club por confiar en min, darme esa confianza e deixarme medrar e voar como futbolista para poder vivir este soño.

O CB Breogán reforza a continuidade do seu proxecto con renovacións

O CB Breogán continúa avanzando na construción do seu proxecto para a tempada 2026/27 cunha clara aposta pola estabilidade. O conxunto lucense confirmou nas últimas semanas a renovación de cinco xogadores que formarán parte do equipo o próximo curso: Danko Brankovic, Toni Mavra, Erik Alonso, Nemanja Aranjic e Dragan Andric.

A continuidade destes baloncestistas permitirá ao club conservar unha base importante do cadro de persoal, mantendo a experiencia, o coñecemento do grupo e a identificación coa filosofía de xogo desenvolvida durante a última campaña. No caso concreto de Brankovic, é

un dos nomes propios do equipo na pasada tempada polo seu rendemento e a súa evolución, pero tamén a achega dos demais renovados, que contribuíron ao cumprimento dos obxectivos deportivos da entidade.

A estas renovacións súmase a continuidade do equipo técnico liderado por Luis Casimiro, que seguirá á fronte do banco breoganista durante a campaña 2026/27. O adestrador manchego, nacido en Villamayor de Calatrava (Ciudad Real), afrontará así a súa terceira etapa consecutiva dirixindo o conxunto celeste.

Casimiro conta cunha dilatada traxectoria no baloncesto profesional español e recentemente superou a barreira dos 800 par-

tidos dirixidos na ACB, un rexistro que o sitúa como o terceiro técnico con máis encontros na historia da Liga Endesa. A súa chegada a Lugo produciuse na décima xornada da tempada 2024/25, nun contexto complicado para o equipo, conseguindo reconducir a situación deportiva e garantir unha permanencia tranquila tras un inicio de competición difícil.

Coas renovacións xa confirmadas e a continuidade do seu adestrador, o Breogán aposta por dar continuidade ao traballo realizado nos últimos anos e consolidar un proxecto baseado na estabilidade e na experiencia de boa parte dos seus integrantes.



Mohammed Ilia gaña o Torneo Internacional de Ourense



O loitador lucense Mohammed Ilia, representante do club Free Dojo, proclamouse vencedor do Torneo Internacional celebrado en Ourense, unha cita deportiva de primeiro nivel que reuniu a destacados competidores da selección galega e da selección portuguesa.

Nun enfrontamento marcado pola alta esixencia competitiva, Ilia demostrou unha gran superioridade técnica fronte ao seu rival. Durante os tres asaltos do combate, o deportista lucense dominou a contenda de principio a fin, exhibindo un amplo repertorio de golpes e patadas que lle permitiron controlar o ritmo do combate e neutralizar os intentos de resposta do adversario.

A súa actuación foi recoñecida polos xuíces, que lle concederon a vitoria por decisión unánime tras unha actuación sólida e convincente sobre o cuadrilátero.

Este novo triunfo confirma o excelente momento deportivo que atravesará Mohammed Ilia. Hai apenas dous meses, o loitador xa asinara unha actuación histórica en Pontevedra ao proclamarse campión tanto na modalidade de Tatami como na de Ring durante a mesma fin de semana, un logro que puxo de manifesto a súa versatilidade e capacidade de adaptación dentro dos deportes de contacto.

De cara aos próximos meses, o equipo técnico do Free Dojo prevé que o deportista continúe participando en competicións de kickboxing para seguir acumulando experiencia e manter a súa progresión. Ademais, se a súa evolución física e técnica continúa ao mesmo nivel e conta co visto e prace do seu adestrador, Fredi Mosteirín, Mohammed Ilia podería dar o salto ás Artes Marciais Mixtas (MMA) antes de que remate o presente ano.

Os éxitos do loitador tamén reflicten o traballo que se está desenvolvendo no Free Dojo, un club que continúa fortalecendo o seu equipo de competición e consoli-

dándose como unha referencia na formación de novos talentos. As instalacións da entidade lucense acollen unha destacada canteira de deportistas que se preparan ao máis alto nivel e que aspiran a destacar nos próximos anos en disciplinas como o kickboxing, o muay thai, o boxeo, o Brazilian Jiu-Jitsu (BJJ) e as MMA, tanto no ámbito nacional como internacional.

CÉSAR ALONSO EN LUGO. O Club Deportivo Free Dojo organiza un seminario de alto nivel que contará coa participación de César Alonso, unha das figuras máis recoñecidas do panorama nacional desta disciplina.

A actividade celebrarase o vindeiro 4 de xullo, a partir das 11.30 horas, nas instalacións do club, na rúa Antonio Rosón número 1, na Praza de Augas Férreas. O seminario estará estruturado en tres bloques técnicos centrados nas áreas fundamentais do MMA: *striking*, *grappling* e traballo de solo, unha formación completa tanto para deportistas experimentados como para persoas que se están iniciando nesta modalidade.

César Alonso está considerado un dos grandes referentes das artes marciais mixtas en España. A súa traxectoria combina a experiencia como loitador profesional, adestrador, divulgador e comunicador especializado. A súa formación deportiva comezou en disciplinas como o judo, o boxeo e o muay thai, antes de consolidar a súa carreira no MMA.

Como competidor, participou en eventos nacionais e internacionais, entre eles o Dogfight Wild Tournament, no que chegou a disputar varios combates nunha mesma noite. Fóra da competición, converteuse nunha das voces máis recoñecidas deste deporte ao exercer como comentarista oficial da UFC en Eurosport e desenvolver un destacado labor como analista técnico para a comunidade hispanofalante.

O Club Polideportivo Casás organiza dous campus deportivos

Lugo ampliará este verán a súa oferta deportiva para a mocidade coa posta en marcha de dous novos campus especializados en fútbol e fútbol sala.

A iniciativa, promovida polo Club Polideportivo Casás en colaboración co Concello de Lugo e diferentes entidades vinculadas ao deporte, busca ofrecer unha experiencia formativa e de lecer a nenos e nenas durante o período estival.

A primeira das propostas será o I Campus Inter-Casás, unha actividade centrada no fútbol sala que se celebrará entre o 29 de xuño e o 3 de xullo nas instalacións do Polideportivo Municipal O Palomar.

O programa desenvolverase coa colaboración do Inter Movistar, unha das entidades máis recoñecidas desta disciplina en España. Os participantes recibirán formación baseada na metodoloxía propia do club, ademais de contar con equipamentos oficiais, visitas de antigos xogadores, unha orla conmemorativa e unha gala de clausura.

A continuación, do 6 ao 10 de xullo, será a quenda do I Campus Icons-Casás, dedicado ao fútbol e programado no Campo Municipal da Cheda. Nesta actividade os asis-



tentes poderán participar en sesións de adestramento, clases maxistras, competicións e outras accións orientadas á mellora técnica e deportiva, rematando tamén cun acto final de despedida.

Ambos campus desenvolveranse de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas e combinarán o traballo específico sobre o terreo de xogo con actividades recreativas e educativas. Desde a organización subliñan que o obxectivo é promover hábitos saudables, potenciar a aprendizaxe deportiva e favorecer a convivencia entre os participantes.

O Concello de Lugo facilitará para a celebración destas actividades dúas das súas principais infraestruturas deportivas. O Polideportivo Municipal O Palomar destaca pola súa polivalencia e polo uso habitual que fan del numerosos clubs da cidade, mentres que o Campo Municipal da Cheda, equipado con céspede artificial de última xeración, é un dos espazos de referencia para o fútbol lucense e forma parte do principal núcleo deportivo da cidade xunto ao Estadio Anxo Carro e o Pazo dos Deportes.

O Club Natación PortaMiñá, campión de Clubs en alevín e benxamín

O Club Natación PortaMiñá Lugo proclamouse campión da Liga Galega de Clubs tanto na categoría alevín como na benxamín, consolidándose como unha das referencias da natación de base en Galicia.

Na competición alevín, o conxunto lucense logrou o primeiro posto da clasificación final tras a disputa das seis xornadas do campionato autonómico. O PortaMiñá sumou un total de 61.052 puntos, superando ao CN Ferrol, segundo clasificado con 58.091 puntos, e ao CN Pontearreas, que ocupou a terceira posición con 55.175 puntos.

Ao mesmo tempo, o club tamén se alzou co título na categoría benxamín. Nesta competición, os nadadores e nadadoras máis novos da entidade acadaron 9.842 puntos, o que lles permitiu finalizar por diante do CN Ferrol, segundo con 7.405,5 puntos, e do Club Fluvial de Lugo, terceiro con 7.036 puntos.

Estes dous campionatos culminan unha campaña marcada polo esforzo, a constancia e a progresión dos deportistas do PortaMiñá, que mantiveron un elevado nivel competitivo ao longo das distintas xornadas das ligas galegas. Os resultados reco-



ñecen tamén o labor desenvolvido polo equipo técnico e o apoio das familias, elementos fundamentais para o crecemento deportivo dos nadadores e nadadoras do club. Desde a entidade lucense destacan que ambos os títulos son o re-

flexo do compromiso, da dedicación e da ilusión compartida por todo o grupo ao longo da tempada, ao tempo que felicitaron aos seus deportistas por situar ao PortaMiñá no máis alto da natación galega de base.

“Nin no baloncesto nin nos xulgados me gusta saír derrotado”

Moitos son os xogadores que pasaron polo mundo do CB Breogán; e un deles é Adrián Núñez Fernández (Lugo, agosto 1984), que levou a camiseta celeste nos anos 2003 e 2005 na posición de escolta

Diego Rouco

A que idade comezou a xogar ao baloncesto?

Empecei dende moi pequeno, cuns 5 anos no Colexio Maristas de Lugo e uns amigos foron os que sacaron a miña afección ao baloncesto.

Cal foi a súa traxectoria nas distintas categorías en que xogou?

Xoguei en varias. Na ACB empecei no Breogán con 17 anos, no ano 2003, co adestrador Andreu Casadevall, que foi o seu último como adestrador. Nesa tempada, fixen unha xogada de 10 segundos que nunca esqueceréi. Tamén estiven nos equipos EBA, como Estudantes ou Chantada, vinculados ao Breogán. Un ano estiven en Calpe,

onde que xoguei na ata decembro na LEB OURO, e despois estiven en Palencia. Volvín o CB Breogán no 2005, con Pete Mickeal.

Que adestradores e compañeiros foron os que marcaron a súa traxectoria no mundo de baloncesto?

Non sei, xa que foron moitos cos que xoguei e fixen moitos amigos. **Cantos partidos xogou na ACB?** Hai uns días publicaron unha estatística de xogadores lucenses que estiveron na ACB e eu saín no 9º posto e con 8 partidos xogados.

Que diferenzas atopa no Breogán de agora co de antes?

Noto cada día máis, xa que o tema vai por axente, e non director deportivo. Non hai xogadas

programadas nin se sabe a xente do quinteto inicial. Só hai 12 xogadores. A xente non os coñece, só polo grito na pantalla ou do Speaker. Antes vías as caras e recoñecías a Sabonis, Epi, Corbalán, Romay... e agora non.

Que opina da afección e das melloras, como o vídeo marcador?

A afección é o mellor que ten o Breogán, o que máis sona. O vídeo marcador está ben, pero facía falta outras cousas, como arranxar as goteiras, as humidades... E no anexo, dito por país, fan falta vestiarios, aseos, climatizar o ambiente...

Agora que non é xogador, a que a dedica?

Traballo nun bufete de avogados



Imaxe cedida polo CB Breogán

e nunha asesoría, pero sigo vinculado ao Breogán, xa que somos socios e miña muller, eu e un neno de 2 anos que será máis afeccionado que nós.

Practica outros deportes?

Si, algúns.

Sen contar o Breogán, quen quere que gañase este ano a Liga?

Gustaríame que gañase o Valencia Basket, pois o seu socio máis influente fixo un pavillón decente para o Valencia, tamén pola presenza dos seus xogadores canteiráns, como Padilla, e o feito de fichar xente nova. Gustaríame que chegara á EUROLIGA e nun posto da Liga moi bo.

O Club Deportivo Lugo avalía a tempada e xa pensa no novo proxecto

O Club Deportivo Lugo informou da continuidade de Javi Recio como director deportivo albivermello durante as dúas próximas tempadas, ampliando así a súa vinculación coa entidade ata 2028.

Con esta decisión, o club aposta por dar estabilidade ao área deportiva e manter a liña de traballo.

A entidade albivermella avanza deste xeito na preparación do novo proxecto deportivo, pensando xa en fichaxes e no novo adestrador, xa que Álex Ortiz finalizou a súa vinculación contractual coa entidade albivermella ao remate da presente temporada e, polo tanto, non continuará formando parte do club.

O director deportivo do Club Deportivo Lugo compareceu para valorar a tempada e explicou que “empezamos un proxecto con moitísima ilusión e xerando expectativas que ao final non puidemos cumprir”.

En relación co adestrador Yago Iglesias, sinalou que “a súa chegada xerou moita ilusión e era o adestrador



ideal. Tamén, a incorporación dos xogadores fixo que a xente se ilusionase co proxecto, e probablemente non soubemos xestionar todo iso porque tiñamos equipo para chegar ao playoff, loitamos por estar arriba, pero estivemos moi pouco tempo nesa situación. Tiñamos potencial, pero cada tempada vemos que a categoría é cada vez máis difícil. Considero que moitos xoga-

dores non deron o nivel, os técnicos non souberon sacar o máximo desaplantilla e, facendo autocrítica, non soubemos xestionar esas emocións e probablemente tomamos decisións que non favoreceron e non saíron como esperabamos. Ao final todo fai que todos esteamos onde merecemos”. E engadiu que “Lugo e a afección merecían máis”.

A Escola Deportiva Shihan suma novos éxitos nacionais



A Escola Deportiva Shihan continúa ampliando o seu palmarés. En Cantabria, Iria Enríquez proclamouse campioa na modalidade de kata infantil-xuvenil, coa medalla de ouro. Ademais, sumou unha medalla de prata en kumite xuvenil e outra prata na competición de kumite por equipos infantil-xuvenil xunto a Lucas Aulkmeier. Desde o club tamén quixeron felicitar ao resto da expedición, formada por Alex Díaz, Naiara Pérez, David Enríquez, Leo Aulkmeier, Mateo Aldeanueva e Daniel Aldeanueva.

Outro grupo desprazouse ata Guadalupe para competir na Copa de Estilos Internacional, onde Valeria Rubal conseguiu a medalla de prata en kata benxamín, o seu primeiro metal nun campionato nacional. A deportista chega a esta competición tras proclamarse campioa galega. A entidade tamén puxo en valor a actuación de Marta Martínez, que rematou na quinta posición en kata sénior; de Elena Viñas, que finalizou sétima en kata júnior; e de David Rubal, polo seu traballo na categoría kata máster.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

DE RUTA EN RUTA

Ruta da Mina de A Silvarosa de Viveiro

Un percorrido desde Covas permite redescubrir a pegada da extracción de ferro que marcou durante décadas a historia da comarca

A praia de Covas agocha moito máis ca area e mar. Dende este punto de Viveiro é posible iniciar unha camiñada que conduce ata a antiga mina da Silvarosa, un espazo que conserva viva a memoria do pasado industrial do municipio e que permite descubrir unha das explotacións mineiras máis importantes da Mariña. O percorrido comeza no areal de Covas e continúa en dirección aos Castelos, atravesando posteriormente a pasarela de madeira situada no parque Pernas Peón. Durante o traxecto destaca tamén a presenza dun ciprés centenario, situado na beirarrúa e plantado arredor do ano 1920, convertido xa nun dos elementos máis singulares da zona.

Ao chegar fronte á vivenda número 13 aparece un pequeno sendeiro que se interna monte arriba. Nos meses de primavera e verán recoméndase prestar atención, xa que a vexetación adoita cubrir parcialmente o camiño debido á altura da herba. A partir dese punto, a ruta continúa en ascenso ata alcanzar o alto da Silvarosa, lugar onde durante décadas se desenvolveu unha inten-

sa actividade mineira.

A historia da mina da Silvarosa, coñecida tamén como The Viveiro Iron Ore Co. Ltd., está estreitamente ligada á explotación do ferro en Viveiro. A actividade extractiva mantívose desde finais do século XIX ata ben entrada a década dos sesenta do século pasado, converténdose nun motor económico para a comarca. Os primeiros antecedentes da extracción de ferro con fins industriais na zona remóntanse ao inicio do século XIX, coincidindo coa construción do primeiro alto forno do Estado en Sargadelos. Aquel complexo dedicábase á produción de ferro coado, mais o progresivo declive da fábrica acabou provocando tamén a desaparición da actividade mineira vinculada ao mineral de Viveiro.

En 1889, Ricardo de Chairó Oleaga promoveu a inscrición de distintos filóns mineiros situados nos concellos de Viveiro, Ourel e O Vicedo no Rexistro Mineiro, aínda que non chegou a explotalos. Os dereitos da explotación pasaron ao empresario alemán Otto Kreizner e do enxeñeiro Joseph Massenez, impulsores da sociedade alemá The Viveiro Iron Ore Co. Ltd., creada para desenvolver a extracción do mineral. Os traballos previos para poñer en marcha a mina iniciáronse en 1893 baixo a supervisión do enxeñeiro Frederic Staaden. Porén, ata o 20 de decembro de 1899 non saíu o primeiro cargamento de ferro do cargadoiro da Insua rumbo a Alemaña a bordo dun barco mercante. O estalido da Primeira Guerra Mundial provocou a paralización da actividade mineira. Anos máis tarde, o empresario vasco Horacio Echevarrieta fíxose coa explotación e retomou os traballos en



1919. Porén, a mina volvería deter a súa produción en 1932 no contexto da Segunda República.

Xa durante o franquismo, en 1951, o Instituto Nacional de Industria (INI) asumiu os dereitos da explotación e impulsou unha nova etapa de actividade. A mina permaneceu operativa ata 1966, ano no que se decidiu pechar definitivamente debido á baixa calidade do mineral extraído.

Hoxe, a Silvarosa permanece como un símbolo do pasado industrial de Viveiro e unha mostra da importancia que a minería chegou a ter no desenvolvemento económico da comarca. A ruta que conduce ata este enclave permite non só gozar da paisaxe, senón tamén realizar unha viaxe pola memoria histórica dun territorio marcado durante décadas pola extracción do ferro.



DATOS



2 horas



8 quilómetros



Dificultade media



Porta Santiago



Hostal



Cela

ALQUILER DE HABITACIONES
Y APARTAMENTOS

619 376 877

Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...
Para pensionistas, trabajadores, estudiantes
CON O SIN PENSIÓN COMPLETA